



### CONCELLOS

#### BURELA

##### Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE PATRÓN BARCO MUSEO, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-1106 de data 07/11/2024 apróbbase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Patrón Barco Museo, como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 14/09/2024 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas de persoal laboral fixo e funcionario de carreira sometidas ao proceso selectivo de concurso-oposición e correspondentes ao ámbito do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha (1) praza de **PATRÓN BARCO MUSEO**, persoal laboral, grupo C2.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### A. PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Lino Pernas Díaz.	***6952**	EXENTA
Juan López Montoya	***5779**	NON EXENTA

**SEGUNDO.-** De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído/a do proceso.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal.

Mándoo e asínoo en

Burela, 7 de novembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante mín, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. O secretario interino”.

R. 3467

### Anuncio

LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS AO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA (1) PRAZA DE MÉDICO/A DA UAD, COMO PERSOAL LABORAL FIXO, NA TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

Por Decreto da Alcaldía nº 2024-1111 de data 07/11/2024 apróbase a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión dunha (1) praza de Médico/a da UAD , como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluídas na oferta de emprego público do Concello de burela para o ano 2022, na taxa adicional de estabilización de emprego temporal:

“María del Carmen López Moreno, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Burela (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2022-1108 de data 28/12/2022 polo que se aproba a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Vistas as publicacións realizadas en cumprimento da citada Resolución no BOP de Lugo nº 299 de 31/12/2022, no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello de Burela.

Visto que no BOP de Lugo n.º 096 do 27/04/2023 publícase anuncio do Decreto de Alcaldía nº 2023-0305 de data 19/04/2023 de corrección de erros materiais advertidos nas bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Burela incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022.

Resultando que no BOE nº 223 de 14/09/20224 publícase anuncio comprensivo da convocatoria das prazas de persoal laboral fixo e funcionario de carreira sometidas ao proceso selectivo de concurso-oposición e correspondentes ao ámbito do artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, entre as que se atopa unha (1) praza de **MÉDICO/A UAD**, persoal laboral, grupo A1.

Visto que no BOE nº 227 de 19/09/2024 publícase anuncio da resolución de Alcaldía de data 17/09/2024 de corrección de erros da ditada o 06/09/2024 referente á convocatoria para proveer varias prazas, establecendo un prazo de presentación de solicitudes de vinte días hábiles a contar dende o seguinte ao desta publicación.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, por medio do presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado:

#### PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO
Alejandro Daniel Honores Segura	***5567**	NON EXENTA

#### PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

NOME E APELIDOS	DNI	PROBA DE GALEGO	CAUSA DE EXCLUSIÓN
Juan López Montoya	***5779**	NON EXENTA	1

Causas de exclusión:

1.- Non acreditar posuír o título requirido para cubrir a praza consonte ao indicado no ANEXO I das Bases reitoras.

**SEGUNDO.-** De conformidade co sinalado nas Bases da convocatoria, conceder un prazo improrrogable de dez (10) días hábiles para reclamacións á listaxe provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación no BOP de Lugo. Quen dentro do dito prazo non emende as causas de exclusión indicadas, será definitivamente excluído/a do proceso.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello, así como na web municipal .

Burela, 7 de novembro de 2024.- A alcaldesa, María Del Carmen López Moreno. Ante mín, aos efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. O secretario interino”.

R. 3468

## CASTRO DE REI

### *Anuncio*

Sométese a información pública por prazo dun (1) mes o seguinte acordo:

EXPEDIENTE PARA A APROBACIÓN DA DISOLUCIÓN DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE OUTEIRO DE REI E CASTRO DE REI PARA O SOSTENEMENTO EN COMÚN DA PRAZA DE INTERVENCIÓN.APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE

Os Concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei, ambos limítrofes e da provincia de Lugo acordaron según Decreto 222/1991 de 20 de xuño polo que se aproba a agrupación dos Concellos de Castro de Rei, Cospeito e Outeiro de Rei, da provincia de Lugo, a agrupación voluntaria para o sostenemento en común da praza de Interventor.

En 2006 aceptouse a separación do Concello de Cospeito e reordenar a agrupación de municipios de Castro de Rei e Outeiro de Rei para o sostenemento en común do posto de Intervención e modificar os Estatutos da agrupación.

Transcorridos mais de 22 anos dende esa agrupación voluntaria de concellos para o sostenemento en común da praza de Intervención, as situación socioeconómicas de ambos concellos mudaron.

Con base no anterior os Concellos de Outeiro de Rei en sesión plenaria de 28 de decembro de 2023 e o Concello de Castro de Rei en sesión plenaria de 19 de xaneiro de 2024 aprobaron inicialmente:

1º.-Aprobar a disolución da agrupación voluntaria dos Concellos de Outeiro de Rei e Castro de Rei para o sostenemento en común dos posto único de Intervención.

2º.- Clasificar os postos reservados a funcionarios/as de Administración local con habilitación de carácter nacional resultantes da disolución, nos seguintes termos:

- Concello de Outeiro de Rei
- Posto: Intervención
- Subescala: Intervención categoría de Entrada.
- Forma de provisión: concurso
- Concello de Castro de Rei
- Posto: Intervención
- Subescala: Intervención categoría de Entrada
- Forma de provisión: concurso

3º.- Adscribir a María Isabel Pernas Sánchez, titular do posto de Intervención da agrupación dos Concello de Outeiro de Rei e de Castro de Rei, da provincia de Lugo, ao novo posto de Intervención do Concello de Outeiro de Rei.

4º.- Aprobado inicialmente o expediente, debe de ser sometido a información pública durante un mes e solicitarse informe á Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia e da Diputación Provincial, que deben de ser emitidos no prazo dun mes dende a súa solicitude. De non ser emitidos en prazo, entenderanse favorables.

5º.- Logo da información pública e a solicitude e emisión de informes, acordarase a desagrupación definitivamente en sesión plenaria de cada Concello con remisión posterior do expediente á Consellería competente en materia de réxime local.

Con respecto ó Concello de Outeiro de Rei, este acordó supón igualmente modificar o horario de traballo do posto de Intervención pasando de ser horario compartido con Castro de Rei a horario ordinario, xornada continua, o que leva a adecuación retributiva do posto.

---

Castro de Rei, 6 de novembro de 2024. - O alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 3469

---

## CHANTADA

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 04/11/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a setembro 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte o da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente a setembro do 2024 terá lugar neste municipio dende o día 5 de novembro de 2024 ata o día 7 de xaneiro de 2025.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de xaneiro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 5 de novembro de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 3470

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 14/10/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a setembro 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo madrugadores correspondentes a setembro 2024 terá lugar neste municipio dende o día 15 de outubro de 2024 ata o día 16 de decembro 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 16 de outubro de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 3471

---

### *Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía de data 29/10/2024 aprobouse o Padrón de contribuíntes obrigados ao pagamento do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes a outubro 2024.

De conformidade co disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2.004, do 5 de marzo, polo que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer contra os Padróns o recurso de reposición que se regula na disposición mencionada, dentro do prazo dun mes a

contar dende o día seguinte da publicación da aprobación dos citados Padróns no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

A cobranza, en período voluntario do Padrón do Prezo público pola prestación do servizo nas instalación de recreo municipal , piscinas e anexos correspondentes outubro 2024 terá lugar neste municipio dende o día 30 de outubro de 2024 ata o día 30de decembro de 2024.

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen ser satisfeita a débeda, e de conformidade co disposto no artigo 161 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, Xeral Tributaria, determinará o inicio do período executivo, coa esixencia dos xuros de mora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei xa citada e, no seu caso, das costas do procedemento executivo.

O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento.

Chantada, 29 de outubro de 2024.- O ALCALDE, Manuel L. Varela Rodriguez.

R. 3472

## A FONSGRADA

### *Anuncio*

Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

**Expediente número:** 525/2024

Publicación relativa á aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal do Imposto de Actividades Económicas.

Por acordo plenario acadado en sesión celebrada o día 18 de xullo do 2024, acordouse o establecemento inicial do tributo relativa ao imposto indicado no título, o que se fixo público a efectos do seu xeral coñecemento e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e preceptos concordantes no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 175 de data do martes 30 de xullo do 2024.

Ao haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, as mesmas foron resoltas e desestimadas na súa integridade polo acordo plenario do 31 de outubro do 2024, e por tanto, logo deste acordo plenario o acordo inicial resultou elevado a definitivo o acordo plenario inicial da entidade sobre o establecemento da Ordenanza fiscal de referencia, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

### **Ordenanza fiscal do Imposto de Actividades Económicas do Concello de A Fonsagrada**

#### **Artigo 1.- Feito imponible.**

1.- O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo municipal, directo e de carácter real, cuxo feito imponible é o mero exercicio, en o territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.

2.- Considéranse, a os efectos de este imposto, actividades empresariais as de gandaría independente, as mineiras, industriais, comerciais, e de servizos.

#### **Artigo 2.- Suxeitos pasivos.**

Son suxeitos pasivos as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35 de a Lei Xeral Tributaria sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.

#### **Artigo 3. -Responsables**

Serán responsables solidarios ou subsidiarios da débeda tributaria, xunto aos debedores principais, as persoas

ou entidades a que se refiren os artigos 42 e 43 de a Lei Xeral Tributaria.

#### **Artigo 4. -Exencións**

1.- Están exentos do imposto:

A) O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, así como os Organismos autónomos do Estado e as Entidades de Dereito Público de análogo carácter das Comunidades Autónomas e das Entidades Locais.

B) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de a súa actividade, durante os dous primeiros períodos impositivos de este imposto en que se desenvolva a mesma. A estes efectos, non se considerará que se

produciu o inicio do exercicio de unha actividade, cando a actividade desenvolveuse anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, en os casos de fusión, escisión ou achega de ramas de actividade.

C) Os seguintes suxeitos pasivos:

As persoas físicas.

Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e as entidades do artigo 33 de a Lei Xeral Tributaria que teñan un importe neto de a cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros en o exercicio anterior.

En canto aos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de Non Residentes, a exención só alcanzará aos que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto de a cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros en o exercicio anterior.

A efectos de a aplicación de a exención prevista nesta letra, teranse en conta as seguintes regras:

1º) O importe neto de a cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no artigo 149 do Texto refundido de a Lei de Sociedades Anónimas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1564/1989, de 22 de decembro.

2º) O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades ou dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de Non Residentes, o do período impositivo cuxo prazo de presentación de declaración por devanditos tributos finalizasen o ano anterior ao de devindicación deste imposto. No caso das sociedades civís e as entidades que se refire o artigo 33 de a Lei 230/1963, de 28 de decembro, Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ao penúltimo ano anterior ao de devindicación de este Imposto. Se devandito período impositivo tivese unha duración inferior ao ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ao ano.

3º) Para o cálculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas polo mesmo.

Sen embargo, cando a entidade forme parte de un grupo de sociedades en o sentido do artigo 42 do Código de Comercio, o importe neto de a cifra de negocios referirase ao conxunto de entidades pertencentes ao devandito grupo. Aos efectos de o disposto en o parágrafo anterior, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de Comercio son os recolleitos na Sección 1ª do Capítulo I das normas para formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas por Real Decreto 1159/2010, de 17 de setembro.

4º) No suposto dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de Non Residentes, atenderase ao importe neto de a cifra de negocios imputable ao conxunto de os establecementos permanentes situados en territorio español.

D) As Entidades xestoras de a Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión Social reguladas por o texto refundido de a Lei de Ordenación e supervisión de os seguros privados, aprobado por Real Decreto Lexislativo 6/2004, de 29 de outubro.

E) Os organismos públicos de investigación, os establecementos de ensino en todos os seus graos custeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ou por fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensino en todos os seus graos que, carecendo de ánimo de lucro, estiveren en réxime de concerto educativo, mesmo se facilitasen aos seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles prestasen os servizos de media pensión ou internado e aínda que por excepción vendan en o mesmo establecemento os produtos dos talleres dedicados a devandito ensino, sempre que o importe de devandita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, destínese, exclusivamente, á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.

F) As Asociacións e Fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistenciais e de emprego que para o ensino, educación, rehabilitación e tutela de minusválidos realicen, aínda que vendan os produtos de os talleres dedicados a devanditos fins, sempre que o importe de devandita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, destínese exclusivamente á adquisición de materias primas ou ao sostemento do establecemento.

G) A Cruz Vermella española

H) Os suxeitos pasivos a os que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.

I) As entidades sen fins lucrativos a que se refire o artigo 7 de a Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e de os incentivos fiscais ao mecenado, sempre que comuniquen ao Concello de A Fonsagrada que se acolleron ao réxime fiscal especial establecido no Título II de devandita Lei, no prazo e na forma que regulamentariamente se estableza.

2.- Os suxeitos pasivos aos que se refiren as letras A), D) G) e H) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na Matrícula do Imposto.

3.- Para a aplicación da exención prevista no parágrafo C) do apartado 1 anterior, o Ministro de Facenda establecerá os supostos en que se esixirá a presentación, ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria, dunha comunicación na que se faga constar que se compren os requisitos establecidos en a letra citada. Dita obrigación non se esixirá, en ningún caso, cando se trate de contribuíntes por o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Os suxeitos pasivos que apliquen a exención prevista no parágrafo B) do apartado 1 anterior presentarán a comunicación, no seu caso, ao ano seguinte ao posterior ao comezo da súa actividade; o contido, o prazo e a forma de presentación dita comunicación, así como os supostos en que haberá de presentarse por vía telemática, serán establecidos por o Ministro de Facenda.

4.- As exencións previstas en as letras E) e F) do apartado 1 de este artigo terán carácter rogado e concederanse, cando cumpra, a instancia de parte. A solicitude das exencións ás que se refire o parágrafo anterior, débese presentar xunto coa declaración de alta no Imposto na Administración tributaria do Estado, quen a remitirá a este Concello aos efectos do artigo 9 do Real Decreto 243/1995. O acordo por o cal se accede á petición fixará o exercicio desde o cal o beneficio fiscal enténdese concedido.

As exencións ás que se refire este apartado que sexan solicitadas antes de que a liquidación correspondente adquira firmeza terán efectos desde o inicio do período impositivo á que se refire a solicitude, sempre que na data do devindicación do tributo concorran os requisitos legalmente esixibles para o goce da exención.

#### Artigo 5.- Bonificacións e reducións

Sobre a cota tributaria do Imposto aplicaranse, en todo caso, as seguintes bonificacións:

1. As cooperativas, así como as unións, federacións e confederacións das mesmas e as sociedades agrarias de transformación, terán a bonificación prevista en a Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

2. Unha bonificación do 50 por cento da cota correspondente, para quen inicie o exercicio de calquera actividade profesional, durante os cinco anos de actividade seguintes á conclusión do segundo período impositivo de desenvolvemento daquela. O período de aplicación da bonificación caducará transcorridos cinco anos desde a finalización da exención prevista no artigo 82.1.b) desta lei.

#### Artigo 6. Cota de tarifa

A cota de tarifa será a resultante de aplicar as Tarifas e Instrución do Imposto aprobadas por Real Decreto Legislativo 1175/1990, de 28 de setembro, e polo Real Decreto Legislativo 1259/1991, de 2 de agosto.

#### Artigo 7. Coeficiente de ponderación

De acordo co que prevé o artigo 86 TRLRHL, sobre as cotas municipais fixadas nas Tarifas do Imposto aplicarase, en todo caso, un coeficiente de ponderación, determinado en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo.

Devandito coeficiente determinarase de acordo co seguinte cadro:

Importe neto da cifra de negocios (euros)	Coeficiente
Desde 1.000.000,00 até 5.000.000,00	1,29
Desde 5.000.000,01 até 10.000.000,00	1,30
Desde 10.000.000,01 até 50.000.000,00	1,32
Desde 50.000.000,01 até 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Aos efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este artigo, o importe neto de a cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ao conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo coo previsto na letra C) do apartado 1 do artigo 4 desta Ordenanza.

O coeficiente correspondente á fila "Sen cifra neta de negocio", aplicarase:

(a) Para a determinación de a cota ponderada correspondente a actividades realizadas por suxeitos pasivos non residentes sen establecemento permanente.

(b) Naqueles casos en que o Concello careza do dato;

(c) Cando a Axencia Estatal de Administración Tributaria facilite dita información, practicarase a regularización correspondente.

#### **Artigo 8. Período impositivo e devindicación**

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, nese caso abarcará desde a data de comezo da actividade até o final do ano natural.

2. O imposto devéñase o primeiro día do período e as cotas serán irreducibles, salvo cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincida co ano natural, en cuxo suposto as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

Así mesmo, e en o caso de baixa por cesamento n o exercicio da actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza devandito cesamento. A tal fin os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se exercera a actividade.

3. Nas actividades de servizos de espectáculos e de promoción inmobiliaria, devengarase o 1 de xaneiro de cada ano a parte da cota correspondente aos metros vendidos ou espectáculos celebrados no exercicio anterior. No caso de cesamento na actividade, a declaración complementaria haberá de presentarse xunto coa declaración de baixa.

#### **Artigo 9. Xestión**

Compete á Administración Tributaria do Estado a formación da Matrícula do Imposto, a cualificación das actividades económicas, o sinalamento das cotas correspondentes e, en xeral, a xestión censal do tributo.

A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria levarase a cabo por este Concello e comprenderá as funcións de concesión e denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra devanditos actos e actuacións para a información e asistencia ao contribuínte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

##### **Única. Modificacións do Imposto**

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

#### **DISPOSICIÓN DEROGATORIA**

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre actividades económicas aprobada definitivamente polo Pleno do concello de A Fonsagrada e publicada no Boletín Oficial da Provincia De Lugo en data do 28 de marzo do 2003 e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do 1 de xaneiro seguinte, salvo que nas mesmas sinálese outra data, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Fonsagrada, 4 de novembro de 2024. O alcalde, Carlos López López.

R. 3473

---

### *Anuncio*

Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

**Expediente número:** 526/2024

Publicación relativa á aprobación definitiva da modificación da ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras no Concello de A Fonsagrada

Por acordo plenario acadado en sesión celebrada o día 18 de xullo do 2024, acordouse o establecemento inicial do tributo relativa ao imposto indicado no título, o que se fixo público a efectos do seu xeral coñecemento e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e preceptos concordantes no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 175 de data do martes 30 de xullo do 2024.



Ao haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, as mesmas foron resoltas e desestimadas na súa integridade polo acordo plenario do 31 de outubro do 2024, e por tanto, logo deste acordo plenario o acordo inicial resultou elevado a definitivo o acordo plenario inicial da entidade sobre o establecemento da Ordenanza fiscal de referencia, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo:

### **Artigo 1. Fundamento Legal**

Esta Entidade local, en uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, e de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 15.1 en concordancia co artigo 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto nos artigos 100 a 103 do citado texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A Ordenanza será de aplicación en todo o termo municipal.

### **Artigo 2. Natureza Xurídica e Feito Impoñible**

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se obtívese ou non dita licenza, ou para a que se esixa presentación de comunicación previa e declaración responsable, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

### **Artigo 3. Construcións, Instalacións e Obras Suxeitas**

Son construcións, instalacións e obras suxeitas ao Imposto todas aquelas cuxa execución implique a realización do feito imponible definido no artigo anterior, e en particular as seguintes:

As construcións, instalacións e obras cuxa execución implique a realización do feito imponible, tales como:

- a) As obras de nova planta e de ampliación de edificios, ou necesarias para a implantación, ampliación, modificación ou reforma de instalacións de calquera tipo.
- b) As obras de modificación ou de reforma que afecten á estrutura, o aspecto exterior ou a disposición interior dos edificios, ou que incidan en calquera clase de instalacións existentes.
- c) As obras provisionais.
- d) A construción de vaos para a entrada e saída de vehículos das leiras na vía pública.
- e) As construcións, instalacións e obras realizadas na vía pública por particulares ou polas empresas subministradoras de servizos públicos, que corresponderán tanto ás obras necesarias para a apertura de calas e pozos, colocación de postes de soporte, canalizacións, conexións e, en xeral, calquera eliminación do pavimento ou beirarrúas, como as necesarias para a reposición, reconstrución ou arranxo do que puidese estragarse coas calas mencionadas.
- f) Os movementos de terra, tales como desmontes, explanacións, escavacións, terraplenados, salvo que estes actos estean detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización ou edificación aprobado ou autorizado.
- g) As obras de peche dos solares ou dos terreos e dos valos, as estadas e as estadas de precaución.
- h) A nova implantación, a ampliación, a modificación, a substitución ou o cambio de emprazamento de todo tipo de instalacións técnicas dos servizos públicos, calquera que sexa o seu emprazamento.
- i) Os usos ou instalacións de carácter provisional.
- j) A instalación, reforma ou calquera outra modificación dos soportes ou valos que teñan publicidade ou propaganda.
- k) As instalacións subterráneas dedicadas aos aparcadoiros, ás actividades industriais, mercantís ou profesionais, aos servizos públicos ou a calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- l) A realización de calquera outras actuacións establecidas polos Plans de ordenación ou polas Ordenanzas que lles sexan aplicables como suxeitas a licenza municipal, sempre que se trate de construcións, instalacións ou obras.

### **Artigo 4. Exencións**

Estará exenta a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, a Comunidade Autónoma ou a Entidade local que, estando suxeita, vaia a ser directamente destinada a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas

residuais, aínda que a súa xestión leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto se se trata de obras de investimento novo como de conservación.

#### Artigo 5. Suxeitos Pasivos

Son suxeitos pasivos deste Imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice a construción, instalación ou obra.

Terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte quen soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou quen realicen as construcións, instalacións ou obras.

#### Artigo 6. Base Impoñible

A base impoñible deste Imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custo de execución material daquela. Para a determinación da base terase en conta a natureza da obra segundo os seguintes apartados:

**A.- OBRAS MENORES:** Constituirá base impoñible o valor declarado polo suxeito pasivo na declaración responsable ou comunicación previa presentada no rexistro municipal de conformidade co disposto na normativa urbanística que resulte de aplicación-

Este valor poderá ser comprobado polos Servizos Técnicos Municipais segundo a Base de Prezos Oficial da Construción de Galicia, a Base de Datos Agroforestal de Galicia e outras que resulten de aplicación.

No caso de obras sobre instalacións de electricidade, fontanería, saneamento e/ou calefacción, achegarase orzamento detallado asinado e selado polo instalador.

**B.- OBRAS MAIORES:** Constituirá base impoñible o valor que figure no proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente e que se deberá acompañar coa solicitude de licenza.

Non forman parte da base impoñible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.

#### Artigo 7. Cota Tributaria

A cota do Imposto será o resultado de aplicar á base impoñible o tipo de gravame que se fixa nos seguintes módulos:

Obras cuxa execución material non supere os 500.000,00 €	3%
Obras cuxa execución material supere os 500.000,00 €	4%.

#### Artigo 8. Devindicación

O Imposto devíndicase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda que non se obtivo a correspondente licenza.

#### Artigo 9. Xestión

O Imposto esixirase en réxime de autoliquidación, segundo os seguintes apartados:

a) Cando se conceda a licenza preceptiva, practicarase unha autoliquidación provisional segundo o modelo facilitado para ese efecto polo Concello, no prazo dun mes dende a concesión de licenza, determinándose a base impoñible en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo Colexio oficial correspondente.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo dun mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva, xunto coa preceptiva comunicación do fin da obra nos termos indicados na normativa urbanística que resulte de aplicación

b) Cando se presente a declaración responsable ou a comunicación previa, practicarase unha autoliquidación provisional segundo o modelo facilitado para ese efecto polo Concello, no prazo dun mes desde a presentación da declaración responsable ou comunicación previa, determinándose a base impoñible segundo o especificado no artigo 6 desta ordenanza.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo dun mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva, xunto coa preceptiva comunicación do fin da obra nos termos indicados na normativa urbanística que resulte de aplicación

c) Cando se inicie a construción, instalación ou obra, non solicitándose, non habéndose concedido, habendo sido denegada a licenza ou sen presentarse declaración responsable ou comunicación previa, poderase practicar unha autoliquidación provisional no prazo de tres meses, a contar desde o momento da devindicación, determinándose a base impositiva segundo o especificado no artigo 6 desta ordenanza. Este pago non presupón unha concesión de licenza.

Finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo da mesma, no prazo de dun mes o suxeito pasivo deberá practicar autoliquidación definitiva, xunto coa preceptiva comunicación do fin da obra nos termos indicados na normativa urbanística que resulte de aplicación

#### Artigo 10. Comprobación e Investigación

A Administración Municipal poderá, por calquera dos medios previstos nos artigos 57 e 131 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, levar a cabo os procedementos de verificación de datos, comprobación de valores e comprobación limitada.

#### Artigo 11. Réxime de Infraccións e Sancións

Nos casos de incumprimento das obrigacións establecidas na presente Ordenanza, de acordo co previsto no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aplicarase o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL

##### Única. Modificacións do Imposto

As modificacións producidas por Lei de Orzamentos Xerais do Estado ou outra norma de rango legal que afecten a calquera elemento deste imposto, serán de aplicación automática dentro do ámbito desta Ordenanza.

#### DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Esta ordenanza derroga expresamente a Ordenanza Fiscal Reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 105 de data do 09 de maio do ano 2014, e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

A Fonsagrada, 4 de novembro de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3474

### Anuncio

Convocatoria e selección de funcionario de carreira

**Número de expediente:** 1177/2024

Bases polas que se establecen as normas para Convocatoria e selección dun funcionario de carreira da escala de administración xeral, subescala auxiliar administrativa (C2) en execución da oferta de emprego 2021.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data do 31 de outubro do 2024 aprobáronse as bases para a convocatoria e selección de funcionario de carreira dunha praza de **funcionario de carreira da escala de administración xeral, subescala auxiliar administrativa (C2) en execución da oferta de emprego 2021**, cuxo tenor literal é o que segue:

#### CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

<b>OBXECTO DAS BASES</b>	Provisión en propiedade das prazas que se inclúen na Oferta Pública de Emprego correspondente ao exercicio do ano 2021, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local, con data do 28 de setembro do 2021 e publicada no Boletín Oficial da Provincia número 255 - sábado, 6 de novembro de 2021
<b>RELACIÓN XURÍDICA</b>	A persoa aspirante que resulte seleccionada, prestará servizos como funcionario de carreira do Concello de A Fonsagrada
<b>XORNADA E DURACIÓN LA RELACIÓN XURÍDICA</b>	O aspirante nomeado prestará servizos en xornada completa a coma funcionario de carreira.
<b>CARACTERÍSTICAS DA PRAZA</b>	<b>Denominación da praza</b>

	Auxiliar administrativo		
	Grupo e escala de encadramento		
	C2		
RETRIBUCIÓN	Soldo	Complemento de destino	Complemento específico
	10.024,64 €	6.237,00 €	7.500,86 €

### 1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO E SISTEMA DA CONVOCATORIA

O obxecto das presentes bases de selección é a provisión dunha praza de auxiliar administrativo como funcionario de carreira mediante o sistema de oposición libre.

A convocatoria desta praza motívase na necesidade de cubrir unha vacante existente na plantilla municipal en execución da Oferta de Emprego Público 2021.

A praza áchase dotada co soldo correspondente ao grupo C2, dúas pagas extraordinarias, trienios e demais emolumentos que correspondan conforme a lexislación vixente; todo iso condicionado aos cambios normativos que o goberno da Nación, ou no seu caso o Goberno autonómico poidan establecer no futuro.

### 2. REQUISITOS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

- Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público;
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, así coma o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria;
- Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;
- Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para nomeamento, **debe cumprir no momento do nomeamento, os requisitos esixidos na Lei 53/1984**, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

### 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como **Anexo I** destas bases e que tamén se facilitará no Concello. A presentación de instancias comportará a aceptación pola persoa interesada das bases da convocatoria.

De conformidade co preceptuado no artigo 33 do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de A Fonsagrada (BOP número 137 de data do 14 de xuño do 2024), quen aspire a participar nas probas selectivas para o acceso ao emprego público deste Concello deberá relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos, durante todos os trámites do procedemento.

A presentación de solicitudes realizarase a través do catálogo de trámites da sede electrónica do Concello de A Fonsagrada.

Á súa vez poderanse presentar ditas solicitudes a través do Rexistro Electrónico Común do Punto de Acceso Xeral da Administración, na dirección <https://rec.redsara.es>.

No caso de que unha incidencia técnica imposibilite, durante un período de tempo, o funcionamento ordinario do sistema de aplicación que corresponda e ata que se solucione o problema, o Concello poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica, tanto a incidencia técnica acontecida, como a ampliación concreta do prazo non vencido.

Se algunha das persoas interesadas presentase a súa solicitude de participación nas probas selectivas por outra vía, o órgano convocante requiriralle para que emende a través da presentación electrónica da devandita solicitude, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a corrección.

A presentación da solicitude para participar na convocatoria supón a aceptación expresa e formal do establecido nas presentes bases.

O prazo de presentación será **de 20 días (vinte) hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria **Boletín Oficial do Estado**.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados presentarse conforme se establece na base 4.3.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes; unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Por tanto, calquera modificación da solicitude deberá realizarse dentro do prazo de 20 días hábiles para a presentación de solicitude. Finalizado devandito prazo, non se admitirá modificación de ningún tipo.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, dita resolución publicarase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará **a causa de exclusión e concedendo un prazo de 10 días (dez) hábiles para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión**.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

#### **4. DOCUMENTACIÓN QUE O ASPIRANTE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE**

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista cos interesados que: **a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases**, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

##### **4.1) Anexo 1 das presentes bases**

A instancia deberá presentarse de conformidade co modelo normalizado que acompaña coma anexo 1 as presentes bases de selección. Ningunha instancia que sexa presentada sen o modelo normalizado específico que se acompaña será admitida, de conformidade co artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

##### **4.2) Fotocopia do DNI ou pasaporte**

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

##### **4.3) Acreditación de coñecemento da lingua galega (se fora o caso):**

A documentación citada neste punto deberá acreditarse de conformidade coa a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (CELGA), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación

coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

## **5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN**

### **5.1) Composición e funcionamento do Tribunal**

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e o disposto no Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de A Fonsagrada (BOP número 137 de data do 14 de xuño do 2024), e estará integrado por 5 membros: Un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por resolución do Sr. Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso o posto que se convoca.

A composición do Tribunal publicarase na Sede Electrónica do Concello.

Contra os actos do tribunal cualificador poderanse interpoñer os seguintes recursos e reclamacións:

- Contra as propostas finais dos/ as aspirantes seleccionados/ as e, en xeral, contra os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar o procedemento selectivo ou produzan indefensión e que non esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, ante a Presidencia, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou da súa publicación na Sede Electrónica. Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e iso sen prexuízo de que se poida exercitar outro que se estime pertinente.

- Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar as reclamacións e formular as alegacións que estimen pertinentes ante o Tribunal no prazo de dez días a contar desde o seguinte á data de publicación.

### **5.2) Asistencia técnica ao Tribunal**

O Tribunal poderá dispoñer da posibilidade incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

## **6. COÑECEMENTO DO GALEGO**

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu tenor literal o que segue: *“...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”*

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución nun tempo máximo de 1 hora dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír con anterioridade ao día en que remate o prazo de presentación de solicitudes o **CELGA 3**, ou estudos equivalentes.

Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio.

## **7. FASES DO PROCESO SELECTIVO**

O sistema selectivo será o de oposición. A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma da cualificación da puntuación das diferentes probas da fase de oposición podendo alcanzar como máximo un total de **30 puntos**.

As persoas aspirantes serán convocadas para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídas do proceso selectivo quen non comparezan, salvo o previsto no parágrafo seguinte.

Se algunha das persoas aspirantes non puidese completar o proceso selectivo por mor de embarazo de risco ou parto debidamente acreditados, a súa situación quedará condicionada á finalización do mesmo e á superación das fases que quedasen aprazadas, non podendo demorarse estas de maneira que se menoscabe o dereito do resto das persoas aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo Tribunal, e en todo caso, a realización das mesmas terá lugar antes da publicación da lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

Comezado o proceso selectivo, os sucesivos anuncios que se efectúen deberán facerse públicos polo Tribunal, na sede electrónica da Corporación.

Unha vez comezado o proceso selectivo, os anuncios de celebración do segundo e sucesivos exercicios faranse públicos polo menos con 12 horas de antelación á sinalada para o seu inicio, se se trata do mesmo exercicio, ou con 24 horas, se se trata dun novo.

Estes anuncios difundiranse polo Tribunal cualificador a través da sede electrónica do Concello, así como por calquera outro medio que se xulgue conveniente para facilitar a súa máxima divulgación.

Desde a total conclusión dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas e máximo de corenta e cinco días naturais.

#### **7.1) Fase de oposición - 100% da puntuación total do proceso**

A fase de oposición terá carácter eliminatorio e a súa puntuación máxima será de **30 puntos**, correspondendo **20 puntos** ás probas teóricas e 10 puntos á proba práctica, sendo necesario para a superación destes a obtención dunha puntuación da metade dos puntos totais en cada un dos exercicios.

Constará de tres exercicios obrigatorios e eliminatorios, que serán puntuados cada un deles de **0 a 10 puntos**, sendo necesario alcanzar un mínimo de 5 puntos en cada un dos tres exercicios para poder superar a oposición.

➤ **Primeiro exercicio:** Exercicio teórico de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba tipo test, tendente a verificar os coñecementos xerais dos candidatos de acordo co temario que se indica no anexo II (parte xeral) das presentes bases.

Consistirá en responder por escrito a un cuestionario de cincuenta (50) preguntas tipo test, máis cinco preguntas de reserva, no tempo máximo de cincuenta (50) minutos. As preguntas terán catro respostas alternativas, onde só una delas será a correcta.

As respostas correctas valoraranse con 0,20 puntos e as incorrectas restarán 0,05 puntos. Non se valorarán as non contestadas. Será valorado de **0 a 10 puntos**, sendo necesario para superar a proba e pasar ao seguinte exercicio da oposición, obter un mínimo de **5 puntos**

➤ **Segundo exercicio:** Consistirá en desenvolver por escrito un tema a elixir polo/a aspirante entre dous extraídos ao azar polo tribunal inmediatamente antes do inicio do exercicio de entre os comprendidos no temario do anexo II (parte xeral bloque segundo). O tempo de realización do exercicio non poderá exceder de 90 minutos.

Valorarase a formación xeral, a claridade e orde de ideas, a calidade de expresión escrita, a forma de presentación e exposición, así como a capacidade de síntese do aspirante.

Este exercicio poderá ser lido polos aspirantes en sesión pública ante o tribunal, si así o acordase este. Será valorado de **0 a 10 puntos**, sendo necesario para superar a proba e pasar ao seguinte exercicio da oposición, obter un mínimo de **5 puntos**.

➤ **Terceiro exercicio:** Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos relacionados coas materias do bloque segundo da parte xeral e da parte específica do programa que figuran no anexo II durante un prazo máximo de tempo de 60 minutos. Este exercicio será cualificado de **0 a 10 puntos**. A normativa aplicable á resolución do exercicio será a vixente ao tempo de realización do mesmo. Neste exercicio, que será corrixido directamente polo Tribunal, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos.

Será valorado de **0 a 10 puntos**, sendo necesario obter un mínimo de **5 puntos** para considerar superada a proba.

### **8. CUALIFICACIÓN FINAL**

A cualificación final das virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas probas da fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate haberá que estar ao disposto na base 11 do presente documento.

### **9. PROPOSTA DE SELECCIÓN**

O Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía-Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas/postos/funcións convocados. Dita proposta publicarase na Sede Electrónica do Concello.

O Tribunal establecerá a orde de aqueles aspirantes que sen ser seleccionados aprobaron todas as probas para posibles substitucións no supostos de que se produza incidencias en relación á praza/posto/función convocada.

Este proposta, que será recollida nun acta, será publicada na Sede Electrónica da Corporación, en base ao disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas, en tanto a Administración estima que a notificación efectuada a un só interesado é insuficiente para garantir a notificación a todos os posibles interesados.

Non obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran o nomeamento de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas cando se produzan vacantes na paraza convocada xa sexan temporais ou permanentes, o órgano de selección deberá elaborar unha relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento como funcionarios interinos, sempre que estes houberan superado o primeiro exercicio do proceso selectivo.

A orde dos nomeamentos para a provisión das vacantes realizarase por estrita orde de puntuación, tendo en conta a totalidade do proceso, e a bolsa para cubrir estas circunstancias contará cunha vixencia dun máximo de seis (6) anos.

## **10. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN**

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Electrónico do Concello a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa;
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto;
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados;
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria;

O prazo de presentación será de **5 (cinco) días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do primeiro chamamento na Sede Electrónica da Corporación, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas debidamente acreditadas de forza maior.

Se dentro do prazo expresado, e salvo causas de forza maior debidamente acreditadas, os aspirantes propostos polo Tribunal non presentasen a documentación, ou do exame da mesma, deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas Base, renuncien, ou o resultado do recoñecemento médico fose "non apto" non poderán ser nomeados/contratados para ocupar as prazas obxecto das correspondentes convocatorias e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na instancia inicial; e realizarase unha nova proposta de nomeamento/contratación a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas e méritos.

## **11. EMPATES**

No suposto de empate nas puntuacións, o desempate dirimirase da seguinte maneira:

En primeiro lugar, pola maior puntuación obtida no terceiro exercicio da fase de oposición, e de persiste o empate, atenderase, á maior puntuación obtida no primeiro exercicio,

Ante a eventualidade de que continúe esta situación de empate, logo da aplicación dos criterios de desempate, o Tribunal procederá á celebración dun exercicio de desempate, que consistirá no desenvolvemento dun suposto práctico dos termos indicados na fase segunda da oposición conforme aos criterios indicados na cláusula sétima das presentes bases de selección.

Por último, se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos dos membros da bolsa empatados e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «U», atendendo ao disposto na Resolución de 3 de xullo de 2024, dea Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se designa fecha, hora e lugar para a celebración do sorteo público á que se refire el Regulamento General de Ingreso del Peral al Servicio da Administración General del Estado., publicada no BOE número 167, de 11 de xullo de 2024.

## **12. RESOLUCIÓN E TOMA DE POSESIÓN**

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder ás prazas/postos/funcións que se convocan, a Presidencia resolverá o procedemento selectivo nomeando aos aspirantes propostos e formalizando as tomas de posesión correspondentes dentro do prazo de dez (10) días seguintes á recepción da notificación oficial do nomeamento, ou publicación do mesmo. O primeiro que suceda.

Se, sen causa xustificada, non tomarán posesión dentro de devandito prazo, entenderase que renuncian á praza e ao nomeamento efectuado; e realizarase unha nova proposta de nomeamento a favor da seguinte persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas e méritos.



#### **14. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN**

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso- Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

#### **15. RECURSOS**

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación no Boletín da Convocatoria, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa) , no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Fonsagrada, 31 de outubro de 2024.- O alcalde, Carlos López López.

#### **ANEXO I: INSTANCIA DO INTERESADO**

A persoa interesada deberá presentar a instancia achegada na sede electrónica da Corporación municipal, conceptualizada coma "Seleccións de Persoal e Provisións de Postos".

A referida instancia tamén poderá se encontrada no epígrafe de recursos humanos, dentro dos trámites dispostos na sede electrónica da Corporación municipal.

Advertise novamente que de conformidade co preceptuado no artigo 33 do Regulamento de funcionamento e actuación dos tribunais de selección e uso de medios electrónicos nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público no ámbito do Concello de A Fonsagrada (BOP número 137 de data do 14 de xuño do 2024), quen aspire a participar nas probas selectivas para o acceso ao emprego público deste Concello deberá relacionarse obrigatoriamente a través de medios electrónicos, durante todos os trámites do procedemento.

#### **ANEXO II: PROGRAMA DE MATERIAS PARA O ACCESO Á PRAZA**

##### **MATERIAS XERAIS**

##### **BLOQUE 1**

Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Título preliminar, Título primeiro, Título oitavo, capítulos primeiro e segundo.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: fundamento, estrutura e contido básico. Competencias da Comunidade Autónoma.

Tema 3.- A normativa reguladora das bases do Réxime local. Disposicións xerais. Concepto e elementos do Municipio.

Tema 4.- As Competencias municipais. A organización municipal en municipios de réxime común. Órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, pleno e xunta de goberno local. Órganos complementarios: comisións Informativas e outros órganos. Especial referencia ao regulamento orgánico municipal do Concello de A Fonsagrada (O referido regulamento foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 226 de data do 28 de setembro do 2024, entrando en vigor nos termos indicados na súa disposición final).

##### **BLOQUE 2**

Tema 5.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: A motivación e forma. A notificación: contido, prazo e práctica en papel e a través de medios electrónicos. A notificación infrutuosa. A publicación. Os medios electrónicos aplicados ao procedemento administrativo común.

Tema 6.- A executividade dos actos administrativos: o principio de autotutela executiva. A execución forzosa dos actos administrativos: os seus medios e principios de utilización. A coacción administrativa directa. A vía de feito.

Tema 7.- A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo.

Tema 8.- A iniciación do procedemento: Clases, corrección e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: Cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: Intervención dos interesados, proba e informes.

Tema 9.- Terminación do procedemento. A obrigação de resolver. Contido da resolución expresa: Principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional.

Tema 10.- O incumprimento dos prazos para resolver e os seus efectos. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. O disenso e a renuncia. A caducidade.

Tema 11.- A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: supostos. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito. A acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade.

Tema 12.- Recursos administrativos: Principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: Conciliación, mediación e arbitraje.

### BLOQUE 3

Tema 13. A xurisdición contencioso-administrativa. Natureza, extensión e límites. Órganos da xurisdición e as súas competencias. As partes: lexitimación. O obxecto do recurso contencioso administrativo.

Tema 14.- Facendas Locais. Clasificación dos ingresos. As ordenanzas fiscais. Recadación dos tributos locais en vía voluntaria e en vía executiva.

Tema 15.- Os orzamentos Locais. Principios orzamentarios. Procedemento de aprobación. Contido. Réxime de impugnación. Fases de execución dos orzamentos.

Tema 16.- A función pública local. Adquisición e perda da condición de funcionario. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Situacións administrativas. Dereitos e deberes dos funcionarios públicos locais.

Tema 17.- Os contratos do sector público. Normativa vixente. Obxecto e ámbito de aplicación. Clases de contratos e regulación. Disposicións xerais sobre a contratación do sector público.

Tema 18.- A transparencia na actividade pública. Supostos de publicidade activa. O dereito ao acceso á información pública. Principios básicos sobre o acceso parcial á información pública por protección de datos de carácter persoal.

Tema 19.- A Lei Orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Obxecto e ámbito da Lei. O principio de igualdade no emprego público.

Tema 20.- A Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. Obxecto, definicións principios e ámbito da Lei. O acceso ao emprego público das persoas con discapacidade.

### MATERIAS ESPECÍFICAS

Tema 1.- Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais. Título II. Da poboación e do padrón.

Tema 2.- Resolución do 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal.

Tema 3. - A preparación dos contratos das Administracións Públicas. O expediente de contratación.

Tema 4. - A adxudicación dos contratos das Administracións Públicas. Normas xerais. Procedemento aberto. O contrato menor

R. 3475

## MEIRA

### *Anuncio*

#### **EXPOSICIÓN PÚBLICA E ANUNCIO DE COBRANZA- PADRÓN FISCAL SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución da Alcaldía núm. 506/2024, de data 6 de novembro de 2024, prestouse aprobación ao padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de outubro de 2024, na modalidade de SAF básico e dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da lei reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpor recurso de reposición ante o Sr. Alcalde, no prazo de UN MES (1) contado dende a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no BOP. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante poderán interpor calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **Anuncio de cobranza**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 del Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario dende o 6 de novembro o 6 de xaneiro de 2024.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas contas bancarias que designaron. Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento cos correspondentes xuros de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da lei 58/2023.

Meira, 6 de novembro de 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 3476

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

#### **APROBACION PADRONS AXUDA AO FOGAR BASICA E LEI DEPENDENCIA SETEMBRO 2024 E ANUNCIO DE COBRANZA**

Por Xunta de Goberno Local do día 04.11.2024 aprobáronse os padróns de prezos públicos Axuda ao Fogar Básica e Lei Dependencia mes de SETEMBRO 2024.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, notificanse colectivamente os recibos derivados destes padróns.

De conformidade coa Ordenanza Xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dos devanditos padróns dende o 18.11.2024 ao 20.01.2025.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e devindicaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Monforte de Lemos, 6 de novembro de 2024.- O Alcalde, P.D Decreto de data 21.06.2023, A primeira Tenente de Alcalde, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 3477

## POL

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía, de data 5 de novembro de 2024, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de outubro de 2024, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 5 de novembro de 2024.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 3478

## A PONTENOVA

*Anuncio*

De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía de 6 de novembro de 2024, faise pública convocatoria para a selección de persoal laboral temporal a tempo parcial de profesor de piano e de guitarra con destino á Escola Municipal de Música do Concello da Pontenova.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de A Pontenova en horario de 9.00 a 15.00 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Cando as solicitudes se presenten fora do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por correo electrónico [correo.apontenova@fegamp.gal](mailto:correo.apontenova@fegamp.gal) comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello da Pontenova <https://concellodapontenova.sedelectronica.gal>

A Pontenova, 6 de novembro de 2024.- O alcalde, Darío Campos Conde.

R. 3479

## SARRIA

*Anuncio*

O día 05/11/2024, o Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, mediante Resolución 2024-0175, acordou a apertura dun novo prazo para presentar instancias **PARA A CONVOCATORIA PARA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ATS/DUE, MEDIANTE PERSOAL LABORAL INTERINO, PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME, ORGANISMO AUTÓNOMO DO CONCELLO DE SARRIA**

O prazo de presentación de solicitudes é de **5 días naturais** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

As bases están publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal> e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º 82 de data 09/04/2024.

**BASES DA CONVOCATORIA PARA CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE ATS/DUE, MEDIANTE PERSOAL LABORAL INTERINO, PARA A RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME, ORGANISMO AUTÓNOMO DO CONCELLO DE SARRIA**

As presentes Bases teñen coma obxectivo regular o proceso para a creación dunha bolsa de ATS/DUE para a o Organismo Autónomo “Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme”, dependente do Concello de Sarria, quedando sen efecto calquera outra bolsa existente para a mesma categoría

**LEXISLACIÓN APLICABLE.**

— A Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

- Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización Lingüística de Galicia.
- Os artigos 231 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 21.1.g), 91, 103 e 104 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 11 e 55 a 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- A Lei 30/1984, de Medidas para a Reforma da Función Pública.
- Os artigos 177 e seguintes do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- A Disposición Adicional Segunda do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

#### **PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.**

O obxecto da presente convocatoria é a creación dunha bolsa de emprego para a **categoría profesional de ATS/DUE**, en réxime de persoal laboral temporal, para dar cobertura ás necesidades que poidan xurdir segundo o artigo 15 do Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

A presente convocatoria e bases será publicada na sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal> e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica do Organismo Autónomo Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>**

#### **SEGUNDA.- Funcións da praza.**

O perfil do ATS/DUE É o DO persoal provisto da titulación correspondente e con capacidade legal para o exercicio da súa profesión.

As súas principais funcións son as seguintes, sen perxuízo de que se lle poidan encomendar outras adecuadas á súa titulación e formación:

1. Vixiar e atender ás persoas usuarias, as súas necesidades xerais humanas e sanitarias, especialmente no momento en que estes necesiten dos seus servizos.
2. Preparar e administrar os medicamentos segundo prescricións facultativas, especialmente os tratamentos.
3. Tomar a presión sanguínea, o pulso e a temperatura.
4. Supervisión das dietas das persoas usuarias.
5. Colaborar co persoal médico preparando o material e medicamentos que deban de ser utilizados.
6. Ordear as historias clínicas, anotar os datos relacionados coa propia función que deban de figurar.
7. Atender ás persoas usuarias encamadas por enfermidade, supervisando que se realizan os cambios posturais prescritos, controlando o servizo de comidas ás persoas enfermas e fornecendo directamente a aqueles pacientes que dita alimentación requira instrumentalización (sonda nasogastrica, sonda gástrica, etc.)
8. Coidado e limpeza do adhesivo e o estoma daqueles usuarios colontomizados.
9. Controlar a hixiene persoal das persoas usuarias e tamén os medicamentos e alimentos que teñan nas habitacións.
10. Supervisar a limpeza e o mantemento da hixiene e salubridade nas habitacións do centro.
11. Atender as necesidades sanitarias de urxencia que teña o persoal que traballa no centro e sexan da súa competencia.
12. Realizar os pedidos de farmacia, analítica e radioloxía cando se lle requira
13. Vixiar e ter coidado da execución das actividades de tipo físico recibida polo persoal médico, observando as incidencias que poidan presentarse durante a súa realización.
14. Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do centro.

O horario e as restantes condicións de emprego (salario, xornada laboral, etc.) serán os establecidos polo Organismo Autónomo para o correspondente praza (concretamente, corresponden para o posto 02.02.04: **actualmente 31.972,76 € brutos anuais**)

A Presidencia resérvase a facultade de establecer o horario e as modificacións que considerase oportunas para o mellor desempeño do servizo, respectando, en calquera caso, as normas legais aplicables sobre a xornada de traballo e descanso.

#### **TERCEIRA. Réxime normativo**

No proceso de selección regulado polas presentes bases serán de aplicación o RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

#### **CUARTA. Procedemento de selección**

A selección efectuarase mediante oposición, debendo respectar en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade e transparencia.

#### **QUINTA. Requisitos dos aspirantes.**

Os establecidos con carácter xeral no artigo 56 e concordantes do Estatuto Básico do Empregado Público e na Lei 5/2015, de 30 de outubro.

Para ser admitidos á realización das probas, os candidatos deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolucións xudiciais, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións nacionais de outro Estado. No caso de ser nacional doutro Estado, non ser inhabilitado ou estar en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida o acceso o emprego público.
- e) Non estar en causa de incapacidade o incompatibilidade conforme á lexislación vixente.
- f) Estar en posesión do Título de Diplomatura ou Grao en Enfermería.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberase presentar o orixinal ou fotocopia compulsada da credencial que acredite a súa homologación en España, e ademais, no seu caso, a tradución xurada do título.

Todos os requisitos enumerados anteriormente deberán posuírse o día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, debendo manterse na data na que se proceda á contratación.

#### **SEXTA.- Instancias.**

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Presidente do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, e presentaranse no Rexistro Electrónico Xeral do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **5 días naturais** contados a partir do **día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo**

A presentación de instancias por parte dos aspirantes supón a aceptación íntegra destas Bases e do seu contido.

As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura no **Anexo I** das presentes Bases e ir acompañadas de copia da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte ou documento que acredite a identidade.
- Declaración responsable de que cumpre todos os requisitos necesarios para se presentar ao proceso selectivo.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

- Fotocopia da titulación requirida para ser admitido/ao proceso selectivo.
- Fotocopia da documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso, xunto cunha relación circunstanciada dos mesmos.

Os/as aspirantes con minusvalías deberán facelo constar na solicitude, co fin de facer as adaptacións de tempo e medios necesarios para garantir a igualdade de oportunidades co resto de aspirantes.

**Os sucesivos anuncios relativos ás probas que convoquen faranse públicos na sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme**  
<https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>

#### **SÉTIMA.- Admisión e exclusión de aspirantes.**

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia do Organismo Autónomo ditará unha resolución no prazo de **5 días hábiles**, que se publicará na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>, declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión e outorgando o prazo de **2 días hábiles**, a contar dende o seguinte ao da publicación da dita resolución, para presentaren as reclamacións oportunas ou emendaren os defectos existentes, nos termos do artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a listaxe de persoas admitidas.

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a Presidencia declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal>, na citada resolución fixarase a composición do Tribunal.

De non presentarse reclamacións, a lista provisional entenderase elevada automaticamente a definitiva.

#### **OITAVA.- Tribunal Cualificador.**

O Tribunal cualificador será designado pola Presidencia, en virtude do establecido no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e, en base ao establecido pola Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia e Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no artigo 7 dos Estatutos do Organismo Autónomo. O Tribunal terá a composición seguinte:

- Presidencia (Titular e suplente): Unha persoa funcionaria de carreira ou laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Vogalías (Titulares e suplentes): Tres persoas funcionarias de carreira ou laborais fixos pertencentes a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.
- Secretaría (Titular e suplente): Secretario do Concello ou quen legalmente a substitúa.

A composición do tribunal, que se dará a coñecer xunto coa relación definitiva de persoas admitidas, deberá axustarse aos principios de imparcialidade e tenderá a paridade entre homes e mulleres.

O Tribunal non poderán constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso as persoas que ocupen a Presidencia e a Secretaría, ou persoas en quen deleguen. De todas as reunións que faga o Tribunal, quen asuma a Secretaría redactará a correspondente acta.

Os membros do Tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade que convoca cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

O Tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases, así como nos casos non previstos polas mesmas.

#### **NOVENA.- Proceso selectivo.**

O proceso selectivo levarase a cabo baixo o sistema de oposición, celebrándose todos os exercicios de xeito sucesivo na mesma data.

A data, hora e lugar de celebración da proba de galego será anunciada oportunamente na sede electrónica <https://residenciamaioresnosasradocarme.sedelectronica.gal> en consonancia coas presentes bases.

#### **1º) Proba de Idioma galego.**

De carácter obrigatorio e eliminatorio.

O artigo 51.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia establece que: "[...], para darlle cumprimento á normalización do idioma galego nas Administracións Públicas de Galicia e para garantir o dereito ao uso do galego nas relacións coas Administracións Públicas no ámbito da Comunidade Autónoma, así como a promoción do uso normal do Galego por parte dos poderes públicos de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento

da lingua galega consonte a normativa vixente. As bases das convocatorias dos procesos selectivos establecerán o carácter e, se é o caso, a valoración do coñecemento da lingua galega.”

Polo tanto, o exercicio consistirá en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes deberán traducir un pequeno texto, facilitado polo Tribunal, de castelán para o galego ou de galego para o castelán. Esta proba terá unha duración de **10 minutos** e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas as persoas aspirantes que non acaden a cualificación de apto ou apta, declarándose NON APTOS aqueles que cometan 20 erros ou máis.

*\*Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego Celga 4 ou equivalente, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.*

## 2º) Exercicio tipo test:

O exercicio consistirá nunha proba tipo test de **20 preguntas** referentes ao temario do Anexo II, con **3 respostas alternativas**, das cales, soamente unha será correcta. A maiores, o tribunal establecerá **3 preguntas de reserva**, as cales serán valoradas polo seu orde unicamente no caso de ser anulada algunha das preguntas principais.

A puntuación total da proba será de **10 puntos**. Cada resposta correcta será valorada con 0,50 puntos; as preguntas incorrectas e as preguntas en branco non serán valoradas nin restarán puntos.

**Os aspirantes disporán de 30 minutos para a realización do exercicio.**

## 3º) Exercicio. Práctico

Consistirá na demostración da habilidade e coñecemento de carácter práctico das función a realizar por un ATS/DUE en relación coas materias do Temario do Anexo II.

Cada aspirante disporá dun tempo máximo de 10 minutos para a realización da proba.

A puntuación total da proba será de **10 puntos**

### Publicación dos resultados dos exercicios:

As puntuacións obtidas polas persoas aspirantes nos exercicios da oposición publicaranse na sede electrónica <https://residenciamaiornosasradocarme.sedelectronica.gal>. Para superar o proceso será necesario acadar, **entre o segundo e o terceiro exercicio, un mínimo de 10 puntos**. As persoas que non acaden dita puntuación serán declaradas non aptos.

**Concederáse un prazo de 2 días naturais para os efectos de alegacións polos aspirantes, que se contarán desde o día seguinte a data de publicación dos resultados na sede electrónica <https://residenciamaiornosasradocarme.sedelectronica.gal>**

### **DÉCIMA.- Relación de persoas aprobadas e presentación de documentación:**

Rematadas as probas e resoltas as alegacións, no seu caso, o tribunal publicará na sede electrónica <https://residenciamaiornosasradocarme.sedelectronica.gal> a relación de aspirantes por orde de puntuación, propoñendo a a creación dunha bolsa de emprego formada polos aspirantes que superaron o proceso por orde de puntuación, quedando sen efecto calquera outra bolsa de emprego para a mesma categoría.

O tribunal elevará proposta, ademais da acta da derradeira sesión, á Presidencia para que proceda á resolución de expediente de selección e orde da bolsa.

As persoas aspirantes incluídas na bolsa achegarán no prazo de **3 días naturais**, contados a partir da publicación da listaxe de persoas aprobadas na sede electrónica <https://residenciamaiornosasradocarme.sedelectronica.gal> os documentos seguintes:

- Copia compulsada ou copia auténtica de:
- Fotocopia da titulación académica esixida na convocatoria.
- Fotocopia do título de Celga 4 ou titulación equivalente (só no caso de non ter que realizar a proba de galego).
- Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.



- Declaración xurada de non atoparse en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ao momento da súa toma de posesión.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificado de conta bancaria.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Creación e funcionamento da bolsa.**

A bolsa estará formada polas persoas aspirantes que houberan aprobado o proceso selectivo en orde a súa puntuación e funcionará do seguinte modo.

#### **1-SITUACIÓN NAS BOLSAS DE EMPREGO:**

*“ As persoas que se atopen conformando parte nas bolsas de traballo do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme poderanse atopar nalgunha das seguintes situacións:*

##### **a) “DISPOÑIBLE”**

*Situacións dende a que o/a integrante da bolsa pode recibir o chamamento de oferta de contratación laboral ou nomeamento funcionario interino/a, segundo o réxime da bolsa*

##### **b) “OCUPADO/A”**

*Situación que indica que se atopa prestando servizos no O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme, independentemente do posto desempeñado.*

*O cambio da situación de dispoñible a ocupado e viceversa realizarao de oficio o responsable da xestión das bolsas unha vez remate o contrato/nomeamento*

##### **c) “SUSPENSIÓN DE CHAMAMENTOS”**

*O/A integrante da bolsa atoparase na situación de “suspensión de chamamentos” cando solicite expresamente e por escrito que non se realicen chamamentos para contratacións ou nomeamentos.*

*O/A interesado/a, mentres se atope neste situación, non será requirido/a para novas ofertas e non será penalizado, mantendo o mesmo posto na lista. Se desexa estar dispoñible para novos chamamentos deberá comunicalo expresamente por escrito.*

##### **d) “EXCLUÍDO”**

*Situación que comportará a exclusión definitiva do/a aspirante da bolsa de traballo e que se producirá por algunha das seguintes causas:*

- 1. Rexeitar un chamamento sen xustificalo nas causas establecidas que determinan o pase ao final da lista.*
- 2. Simular ou falsear calquera das causas que xustifican o rexeitamento de ofertas de traballo*
- 3. Separación ou despido do servizo mediante expediente disciplinario*
- 4. Toda renuncia voluntaria ou ruptura da relación laboral temporal ou funcional interina co O.A. Residencia de Maiores Nosa Sra. Do Carme, se é o caso, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento de oferta*

##### **e) “ILOCALIZABLE”**

*Situación na que se atoparían aqueles/as integrantes da bolsa que non fora posible localizalos pola Administración vía telefónica ou vía correo-electrónico que facilita o/a aspirante.*

*O/A interesado/a en situación de “ilocalizable” non será chamado/a para novas ofertas ata que non cambie a súa situación a “dispoñible” (cambio que deberá solicitar expresamente e por escrito)*

#### **2 - REALIZACIÓN DOS CHAMAMENTOS**

Cando sexa preciso levar a cabo a contratación ou nomeamento de persoal, os chamamentos realizaranse do seguinte xeito:

· Realizaranse **3 chamadas telefónicas cunha diferenza de media hora** entre cada chamada. Se non hai resposta á terceira chamada, o aspirante pasará ao final da bolsa de emprego e enviaráselle un correo electrónico, no caso de haber comunicado o mesmo, para avisalo da situación. Se non responde ao correo nun prazo de tres días naturais, pasará á situación de “ilocalizable”; se non facilitou un correo electrónico, pasará á situación de “ilocalizable” directamente despois da terceira chamada sen resposta.

· \*En casos de **urxencia acreditada**, poderase realizar un único chamamento a cada aspirante e, no caso de non contestar, pasarase ao seguinte, neste caso sen penalización.

· Os chamamentos comezaranse polo principio da bolsa, dende o número 1 e seguindo a súa orde segundo a dispoñibilidade e estado das persoas integrantes da mesma.

· Cando se teñan que realizar varios chamamentos da mesma bolsa de emprego nun período non superior a 15 días hábiles, continuarase dende o último chamamento realizado.

- Cando se realicen chamamentos, deixarase constancia no expediente cunha dilixencia asinada pola persoa que realice os mesmos, indicando a data e hora das chamadas e a resposta recibida.
- Se a persoa rexeita o chamamento:
  - a. Pasará ao final da lista no caso de presentar algunha das seguintes xustificacións dentro dos tres días naturais seguintes ao chamamento:
    - **Por razón de enfermidade que lle impida o desempeño do traballo ao momento do chamamento.**
    - *Esta situación xustificárase mediante a achega da correspondente baixa médica ou certificación oficial do médico de familia.*
    - **Por maternidade, paternidade ou adopción ou acollemento, durante o tempo que legalmente corresponda.**
    - *Esta situación xustificárase con fotocopia do libro de familia ou, se non, informe médico.*
    - **Por atoparse en alta no réxime xeral da Seguridade Social ou en calquera dos seus réximes especiais no momento do chamamento ou iniciar tal prestación dentro do mes seguinte á data de inicio do contrato ou nomeamento ofertado.**
    - *Esta situación xustificárase coa vida laboral actualizada emitida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, certificado de servizos prestados emitido por Administración pública, ou copia do contrato ou nomeamento.*
    - **Por ser cuidador/a principal de persoal dependente.**
    - *Esta situación xustificárase por medio de documentación acreditativa de tal condición.*
    - **Por matrimonio ou parella de feito. Durante o prazo de trinta días naturais dende a data de matrimonio ou realización de parella de feito non se realizarán ofertas de traballo, salvo que manifeste por escrito pasar a situación de “dispoñible” antes da finalización deste período.**
    - *Esta situación xustificárase con fotocopia do libro de familia ou calquera outro documento acreditativo.*
    - **Por exercer cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.**
  - b. Será eliminada da bolsa, de xeito definitivo, se non presenta xustificación nos termos sinalados no apartado anterior, dentro dos tres días naturais seguintes.

### 3 - FINALIZACIÓN DA CAUSA DE CONTRATACIÓN OU NOMEAMENTO

Unha vez finalizado o contrato ou chamamento segundo o asinado no contrato de traballo / acta de toma de posesión, a persoa pasará automaticamente da situación de “ocupado/a” á situación de “dispoñible” en todas as bolsas de emprego das que sexa integrante.

No caso de rexeitar ao contrato / nomeamento unha vez formalizado o contrato / toma de posesión, será eliminada da lista, sempre que non sexa por algunha das causas de xustificación de rexeitamento, en cuo caso, pasará ao final da lista.

### 4 - PUBLICACIÓN DO ESTADO DA BOLSA

Os movementos, incidencias e novidades que se produzan na lista publicaranse na sede electrónica do O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme <https://residenciamaiornosasradocarme.sedelectronica.gal> dentro dos 5 días hábiles seguintes.

#### DÉCIMO SEGUNDA: Réxime de incompatibilidades

As persoas que resulten contratadas estarás sometidas ao réxime de incompatibilidades que establece a Lei 53/1984, do 26 de decembro, e outras incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

#### DÉCIMO TERCEIRA: Normas finais

Para o non previsto nas presentes bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no RD Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia; Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como no resto de normas vixentes de aplicación.

A resolución da Presidencia que aproba as presentes bases pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o establecido no artigo 46.1 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, consonte ao disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento

Administrativo Común das Administracións Públicas sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que estime procedente. No caso de que se interpoña recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo.

## ANEXO I (INSTANCIA)

<b>PROCEDEMENTO SELECTIVO: BOLSA ATS/DUE</b>			
<b>DATOS DO SOLICITANTE:</b>			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
NACIONALIDADE:		DATA DE NACEMENTO:	
<b>NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito):			
NOME:	PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	N.I.F.:
<b>ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:</b>			
Notifíquese a:	<input type="radio"/> Persoa solicitante	<input type="radio"/> Persoa representante	
<input type="checkbox"/> Medios Electrónicos:	Correo Electrónico:		
<input type="checkbox"/> Outros Medios:	Nome da Vía:		
	Número, Bloque, Andar, Porta:		
	Parroquia / Lugar:		
	Localidade / Provincia:		
	Código Postal / País:		
Teléfono/s de contacto:			
<b>TITULACIÓN QUE ALEGA E XUSTIFICA:</b>			
TITULACIÓN:		DATA DA TITULACIÓN:	
ALEGA E XUSTIFICA ESTAR EXENTO/A DA REALIZACIÓN DO EXERCICIO SOBRE O COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA:			
<input type="radio"/> Si		<input type="radio"/> Non	
<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:</b>			
1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.			
2. Que reúne as condicións exixidas para o ingreso á función pública e <u>as especialmente sinaladas na convocatoria</u> , comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude se fóra necesario.			
<b>PROTECCIÓN DE DATOS:</b> Esta entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas. Responsable: O.A. Residencia de Maiores Nosa Señora do Carme			
<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE:</b>			
<b>LUGAR E DATA:</b>			

SR. PRESIDENTE DO O.A. RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME

**ANEXO II. TEMARIO**

Tema 1.- O dereitos e deberes fundamentais na Constitución Española.

Tema 2.- A protección da saúde na Constitución Española

Tema 2.- As formas de xestión directa dos servizos locais a través de Organismos Autónomos Locais na Lei de Bases de Réxime Local.

Tema 3.- Os Estatutos do Organismo Autónomo Nosa Señora do Carme. Órganos de Goberno e Administración.

Tema 4.- O Concello de Sarria. Organización Municipal: Órganos necesarios.

Tema 5.- A Lei de Saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia

Tema 6.- Principais riscos e medidas de prevención de riscos laborais nas Institucións Sociais.

Tema 7.- Dereitos e deberes dos enfermeiros/as no Código Deontolóxico da Enfermería Española.

Tema 8.- Ética e valores dos coidados de enfermos.

Tema 9.- Calidade asistencial na enfermería

Tema 10.- Xeriatria e xerontoloxía. Conceptos, campos e desenvolvemento.

Tema 11.- Fraxilidade, incapacidade e dependencia nas persoas maiores.

Tema 12.- Valoración e coidados de persoas maiores enfermas con alteración do sistema musculoesquelético. Patoloxías máis frecuentes. Osteoporose, artrose e artrite reumatoide. Fracturas. Mobilización da persoa con prótese de cadeira e/o xeonllo.

Tema 13.- Valoración e coidados de persoas maiores enfermas con alteración da funcións cardiovascular (HTA, patoloxías cardíacas, arritmias, síndrome coronario agudo, trombosis venosa profunda, isquemia crónica de enfermidades)

Tema 14.- Valoración e coidados de persoas maiores enfermas con alteracións da función respiratoria. Patoloxías máis frecuentes. Insuficiencia respiratoria aguda, enfermidade pulmonar obstructiva crónica, procesos infecciosos, pneumonía.

Tema 15.- Valoración e coidados a persoas maiores con alteración no sistema gastrointestinal. Patoloxías máis frecuente. Gastroenterite, procesos inflamatorios, obstrución intestinal, pancreatitis. Alteración da nutrición.

Tema 16.- Valoración e coidados a persoas maiores con problemas no sistema endocrino e metabólico. Patoloxías máis frecuentes. Diabetes, hipo e hipertiroidismo.

Tema 17.- Valoración e coidados a persoas maiores con alteración no sistema nervioso e alteracións sensoriais. Patoloxías máis frecuentes. ACV, Alzheimer, epilepsia, ELA, Parkinson

Tema 18.- Valoración e coidados a persoas maiores con trastornos mentais. Procesos máis comúns. Esquizofrenia e outros trastornos psicóticos, ansiedade, trastornos do estado de ánimo, depresión.

Tema 19.- Valoración e coidados a persoas maiores con alteración no sistema xenito-urinario. Patoloxías máis frecuentes. Infeccións urinarias, retencións agudas de ouriños, insuficiencia renal aguda e crónica.

Tema 20.- Síndromes xeriátricos máis comúns: inmovilidade, incontinencia, confusión aguda, insomnio, illamento e desarraigamento social. Valoración. Prevención. Coidados enfermeiros.

Tema 21.- As úlceras por presión e vasculares. Etioloxía. Clasificación. Valoración. Prevención. Coidados enfermeiros. Protocolo de actuación en úlceras por presión.

Tema 22.- A medicación na persoa maior. Modificacións farmacocinéticas Problemas da medicación na persoa maior. Efectos adversos. Protocolo de actuación terapéutica e xestión da medicación

Tema 23.- Coidados enfermeiros en situación de terminalidade. Principais problemas. Dor. Coidados paliativos. Protocolo de atención ao final da vida.

Tema 24.- A morte na persoa maior, vivencia da morte, o duelo. Apoio ao coidador principal e a familia. Protocolo de falecemento.

Tema 25.- Alimentación e nutrición na Terceira Idade: Necesidades nutritivas e acalóricas. Necesidades de principios inmediatos. Necesidades hídricas e vitaminas. Necesidades de minerais. Protocolo de nutrición e hidratación.

Tema 26.- O Soño e as súas alteracións: Cambios fisiolóxicos na vellez. Alteracións co envellecemento. Causas do insomnio. Terapia farmacolóxica.

Tema 27.- Exercicio e envellecemento: Concepto. Beneficios do exercicio físico na e o ancián. Indicacións do EF. Contraindicacións do EF

Tema 28.- Hipertensión arterial: Modificación da T.A con a idade. Incidencia da HTA na terceira idade. Etioloxía da HTA en xeriatría. Prevención e control de enfermería

Tema 29.- Patoloxía oral na e o ancián: Envellecemento dentario. Mucosa oral: cambios coa idade. Cambios nas glándulas e na función salival. Coidado dental do ancián.

Tema 30.- Toxiinfeccións alimentarias de orixe non bacteriano. Intoxicacións alimentarias de orixe non bacteriano. Intoxicacións por enterotoxina estafilocócica. Diarreas víricas. Profilaxe xeral das intoxicacións alimentarias.

Sarria, 5 de novembro de 2024.- O Presidente, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3480

## VILALBA

### Anuncio

#### **BASES PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA PARA FACILITAR A EMPREGABILIDADE E OCUPABILIDADE DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TERRA CHA NO CAMIÑO IV. EXPEDIENTE 2275/2023.**

Dentro da labor de fomento e apoio as iniciativas e fomento do emprego, o Concello de Vilalba e seguindo as directrices marcadas pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, actualmente Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, concedente dos incentivos a contratación para os traballadores/as do Obradoiro de Emprego Dual Terra Chá no Camiño IV, convócanse as presentes axudas para a contratación de alumnos-traballadores

**con data inicial de contrato antes do 15 de decembro de 2024.**

#### **1. Disposicións xerais**

Estas normas teñen por obxecto establecer as condicións, polas que se rexerá a convocatoria pública para a selección de Entidades dos Concellos de Vilalba e Abadín da provincia de Lugo, susceptibles de percibir subvencións para a contratación temporal, dos participantes no Obradoiro de Emprego Terra Cha no Camiño IV para un período de tres meses.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvención son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

#### **2. Finalidade e duración dos incentivos a contratación por conta allea.**

Os incentivos á contratación temporal por conta allea, teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes no Obradoiro dual de Emprego Terra Cha no Camiño IV, financiados a través da convocatoria 2023 de axudas e subvencións a obradoiros duais de emprego, pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, pertencente a Consellería Comercio, Emprego e Emigración, e promovido polo Concello de Vilalba xunto co Concello de Abadín.

**A contratación temporal terá unha duración mínima 3 meses, e con inicio da contratación antes do 15 de decembro de 2024**

A xornada de contratación temporal será a tempo completo.

#### **3. Réxime xurídico**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia.
- Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### 4. Entidades beneficiarias dos incentivos a contratación

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación previstas nas presentes bases:

1. As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica. As cales desempeñen actividades que están directamente relacionadas coa formación impartida no Obradoiro dual de Emprego, actividades de carpintaría e moble, instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes, actividades en oficinas, despachos e departamentos de administración e que contraten traballadores/as por conta allea, para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos Concellos de Vilalba ou Abadín.

No caso de sociedade civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas, deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude, como na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención que se vai a aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiaria, lle correspondan a agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte de esta unión, deberá reunir os requisitos esixidos para acceder as axudas.

2. Non poderán ser beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera de elas.
3. Non poderán obter a condición de entidades beneficiarias das subvencións establecidas neste programa, as persoas ou entidades nas que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e concordantes coa Lei xeral de subvencións:
  - a. Ser condenadas mediante sentenza firme a pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
  - b. Solicitar declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, atoparse declaradas en concurso salvo que en este se adquira eficacia un convenio, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de clasificación do concurso.
  - c. Dar lugar, por causa de que fora declarada culpable, a resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.
  - d. Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aquelas que exerzan a representación legal de outras persoas xurídicas, nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.
  - e. Non estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias, ou fronte da Seguridade Social, ou ter pendente de pago algunha outra débeda co Concello de Vilalba, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou Estatal, nos termos regulamentariamente establecidos.
  - f. Ter a residencia fiscal nun país ou territorio clasificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
  - g. Non estar o corrente de pago de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.
  - h. Ser sancionado, mediante resolución firme, coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.
  - i. Non poderán acceder a condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran nalgunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.
  - j. En ningún caso poderán obter á condición de entidade beneficiaria as asociacións incurso nas causas de prohibición previstas nos apartados 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das que se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por encontrarse indicios relacionados de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002 mentres nos recaía resolución xudicial firme en cuxa virtude poida practicarse a inscrición no correspondente rexistro.
4. Non poderá ter a condición de entidade beneficiaria, as entidades que estean excluídas do acceso ós beneficios da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido nos artigos 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobada por Real Decreto lexislativo 5/2000 de 4 agosto.
5. Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Vilalba ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.

6. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas, nas prohibicións contidas nos puntos 3,4 e 5 para obter a condición de beneficiario, realizarase mediante declaración responsable.

#### **5. Contía dos incentivos a contratación**

1. Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500€ por cada traballador/a, correspondente a un contrato cunha duración mínima de 3 meses a xornada completa.
2. Os beneficiarios establecidos a contratación deste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custe salarial, e de seguridade social, das mensualidades obxecto da subvención.

#### **6. Exclusiones**

Exclúense dos beneficios regulados neste programa:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou en outras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores/as para prestar servizos noutras empresas mediante contratos de posta a disposición.
2. Os contratos realizados co/coa cónxuxe, as persoas ascendentes, as persoas descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario/a ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea, os fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con ela, ou cando se trate de unha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un solo familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin esté ó seu cargo.
3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras, que nos 24 meses anteriores a data da contratación prestaran servizos na mesma empresa, segundo establece o artigo 2 do Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, mediante un contrato de carácter indefinido, ou nos últimos 3 meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de relevo ou de relevo por anticipación da idade de xubilación. O disposto neste párrafo será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas as cales a persoa solicitante dos beneficios sucedera en virtude do establecido no artigo 44 do real Decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

#### **7. Procedemento de solicitude**

##### **7.1. Lugar e prazo de presentación das solicitudes**

Para poder ser entidade beneficiaria das axudas reguladas nesta orde, deberá presentarse unha solicitude de axuda nos modelos normalizados que figuran como anexos destas Bases. O modelo de solicitude será unha instancia dispoñible na web municipal [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal), modelo establecido como ANEXO I destas bases.

Segundo o artigo 14 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas as solicitudes presentaranse por vía telemática a través da Sede electrónica do Concello de Vilalba.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais (10) contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día é inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte.

Non axustarse a os termos desta convocatoria, así coma a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 e 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

A presentación da solicitude de subvención fóra do prazo establecido e a non utilización dos formularios normalizados de uso obrigatorio, serán causas de NON ADMISIÓN.

##### **7.2 . Documentación**

A documentación que se deberá presentar é a seguinte:

Solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará no Concello de Vilalba, asinado polo/a representante da entidade (Anexo I), xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

- a. Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b. Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior o mes da publicación da presente convocatoria, así como relación de todos os traballadores que tivo contratados durante os 24 meses anteriores (Anexo II).



- c. Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda. (Anexo II).
- d. Declaración responsable de non estar incuso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións (Anexo II).
- e. Declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo II).
- f. Declaración de se lles foi concedida algunha outra subvención para a mesma actividade, procedente de calquera administración ou ente público ou privado, obrigándose a comunicar aquelas concedidas con data posterior a presentación da solicitude, segundo modelo que figura como ( Anexo II).
- g. Alta no imposto de actividades económicas ou, se é o caso, alta no censo de obrigados tributarios no Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (Modelo 036), ou declaración responsable de non estar obrigada.

Poderase presentar unha solicitude de subvención por entidade, e no caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou ratificación no prazo de cinco días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

### 7.3. Proposta de concesión de subvencións

O procedemento de selección das entidades beneficiarias e a distribución das subvencións entre estas no teñen a consideración de concorrencia competitiva, dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa, non resulta necesario a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, se non que a concesión da axuda, realizase pola comprobación da concorrencia nas empresas e nos empregadores dos requisitos establecidos, por orde de entrada no rexistro do Concello de Vilalba ata esgotar o crédito dispoñible, segundo a resolución de concesión da subvención para a creación do Obradoiro dual de Emprego Terra Chá No Camiño IV, e que ascende a 30.000 €. Este programa será financiado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia con cargo ó crédito previsto nas aplicacións orzamentarias 11.50.322A.460.1 (proxecto 2014 00543) e aplicación orzamentaria municipal 241.48915.

A proposta de concesión de subvención deberá conter a relación de entidades solicitantes por orde de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vilalba, asignando a contía de subvención a cada unha de elas, ata esgotar o crédito dispoñible. Dita contía no superará os 1.500 € por incentivo solicitado. Posteriormente, dita proposta pasará á intervención Municipal para que realice a fiscalización desta.

A partir da proposta da Concesión de subvención informada polo Interventor Municipal, a Xunta de Goberno Local, concederá as subvencións mediante acordo no que se especifique a relación de entidades solicitantes ás que se conceden a subvención e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver, será de 10 días contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións no Rexistro do Concello de Vilalba. Transcorrido dito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei de subvencións de Galicia.

### 7.4 Resolución, publicidade da concesión, reformulacións da concesión

A resolución da concesión farase pública na Sede Electrónica do Concello (Taboleiro de Anuncios e Portal de Transparencia) xurdindo a publicación os mesmos efectos que a notificación. Non obstante cando Administración estime que a publicación efectuada resulte insuficiente, e co obxecto de axilizar o procedemento, poderá efectuar adicionalmente notificación individual por correo electrónico ou dirección que os interesados designen, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007 do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. A estes efectos os interesados deberán achegar o Anexo III debidamente cumprimentado e asinado.

### 8.- Adxudicación do traballador/a

Unha vez resolta a selección das entidades beneficiarias, realizarase a asignación dos traballadores ás entidades beneficiarias, tendo estas que realizar a contratación dos mesmos mediante a modalidade contractual e pola xornada laboral establecidas nesta convocatoria, nos cinco días hábiles seguintes a publicación no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Vilalba. Os traballadores serán asignados á empresa en función da puntuación obtida polos mesmos nos citados obradoiros, dándolles a escoller a empresa os alumnos/as que acadaran a maior puntuación.

### 9.- Obrigas das entidades beneficiarias

1. Incorporar á persoa nun posto de traballo directamente relacionado coa formación recibida no obradoiro dual de emprego.
2. Manter no seu persoal a persoa contratada, polo período de duración do contrato obxecto da subvención. No caso de extinción do contrato de traballo temporal por causas previstas na normativa laboral vixente, con anterioridade a finalización do período esixible, a empresa deberá comunicar esta circunstancia ó Concello de Vilalba, no prazo de sete días dende que se produza para promover o seu relevo en igualdade

de condicións, ofertando a cobertura do posto de traballo vacante a outras persoas participantes no Obradoiro de emprego, que non fora contratadas previamente.

3. Coma consecuencia da contratación temporal polo que se solicita a subvención, ten que incrementarse emprego neto da entidade solicitante no ámbito territorial de Galicia respecto ó mes anterior o mes de realización da contratación polo que se solicita a subvención. Para o cálculo do incremento do persoal non se computara as persoas traballadoras cuxo contrato de traballo se extinga por causas obxectivas ou por despido disciplinario que non sexa declarados improcedentes, ou cuxas baixas se predixeran por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación incapacidade permanente total ou absoluta ou gran invalidez legalmente recoñecidas ou por finalización do contrato.
4. As contratacións polas que se solicita subvención, deberá formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecidas.
5. Unha vez finalizado o período de cumprimento desta obriga corresponderalle ó Concello de Vilalba levar a cabo a función de control da subvención concedida, así como a avaliación e seguimento de este programa.

#### 10.- Xustificación e pagamento

O aboamento da subvención farase efectivo unha vez cumprido o obxecto para o que foi concedida.

Para ter dereito á mesma, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o Concello de Vilalba, nos 15 días dende a data de contratación do/s traballador/es a seguinte documentación:

- Copia compulsada ou cotexada dos contratos de traballo, formalizados e debidamente comunicados á Oficina de Emprego.
- Copia compulsada ou cotexada dos partes de alta da seguridade social xunto co informe de datos de cotización.
- Declaración responsable complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiron outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do (anexo II).
- Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, de estar ó corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e CCAA), Seguridade Social, e Concello de Vilalba.
- Certificado da conta bancaria expedida pola entidade bancaria á que se transferirá o importe da subvención que puidera concederse.

No prazo máximo dun mes contados dende a data prevista para o remate do período subvencionado.

- Copias compulsadas ou cotexadas de boletíns de cotización á seguridade social modelos TC1 e TC2, pagados.
- Nómína e xustificante de pago do/s traballador/es correspondentes ós meses de contratación. Soamente se admitirá como documentos xustificativos de pago, aqueles que acrediten a súa realización por transferencia bancaria, en ningún caso, admitirase o pago en man ou en efectivo.
- Copia compulsada ou cotexadas do impreso de liquidación nominal Modelo 111 do IRPF do período subvencionado pagadas.
- Declaración responsable Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas coma as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes u outros entes públicos o, no seu caso, unha declaración de que non se solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do (anexo II).
- Acreditar mediante certificacións expedidas ó efecto polos organismos correspondentes, de estar ó corrente no cumprimento de todas as súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) e Seguridade Social.

#### 11.- Incompatibilidades e concorrencia

As axudas previstas neste programa para contratacións por conta allea, son incompatibles con outras que polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento do emprego. Con todo, serán compatibles, no seu caso coas bonificacións ou reducións de cotizacións a Seguridade Social.

Os incentivos establecidos neste programa, serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou privados pero sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, supere os límites establecidos pola Unión Europea, e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

## 12.- Reintegro da subvención

Á vista da documentación xustificativa presentada e despois dos informes do Servizo de Fiscalización, o órgano competente valorará a documentación e se é correcta, procederase o pagamento da subvención, mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa corrección. No caso de que non presente a xustificación da subvención dentro do prazo, será requirida a entidade beneficiaria para a súa presentación (artigo 70 do regulamento de subvencións). A falta de presentación no prazo de 15 días dende o requirimento dará lugar a que por Resolución de Alcaldía, se inicie expediente de anulación do correspondente compromiso. A resolución final notificaráselle á entidade e a Intervención Municipal para o seu reflexo contable.

O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de subvencións para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias constituirán causa determinante a revogación da subvención concedida.

Entenderase que se produce un incumprimento parcial, e polo tanto, procederá o reintegro parcial dos incentivos, cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral, antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

Igualmente, o falseamento ou ocultación dos datos esixidos na correspondente convocatoria, dará lugar a cancelación da subvención e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

## 13.- Réxime sancionador

Será de aplicación o réxime sancionador previsto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

## 14.- Réxime de recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativo, de acordo co disposto na Lei 29/1998, de 13 de Xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo. Poderá formularse. Con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

### Disposición adicional primeira.

Para o non previsto nesta convocatoria, en especial todo aquilo que fai referencia á posibilidade de levar a cabo un control financeiro no ano seguinte das subvencións xustificadas e pagadas, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución de Orzamento Xeral do Concello de Vilalba para o exercicio de 2024 e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu regulamento.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito ningún a favor dos solicitantes mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

### Disposición adicional segunda

Os datos da subvención concedida quedarán incorporados ó Rexistro Público de Subvencións. Así, mesmo o Concello de Vilalba é o responsable do tratamento de datos das persoas solicitantes e infórmas que os mesmos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril de 2016(GDPR), polo que se lle facilita a seguinte información do tratamento:

Fin do tratamento: tramitación da súa solicitude de subvención

Criterio de conservación dos datos: conservaranse mentres exista un interese mutuo para manter o fin do tratamento e cando xa non sexa necesario para tal fin, suprimiranse con medidas de seguridade adecuadas para garantir a seudonimización dos datos ou a destrución total dos mesmos.

Comunicación dos datos: Non se comunicaran os datos a terceiros, salvo obriga legal.

Dereitos que asisten as persoas interesadas:

- Dereito a retirar o consentimento en calquera momento
- Dereito de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e á limitación ou oposición o seu tratamento
- Dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control (adpd.es) se considera que o tratamento non se axusta a normativa vixente.

Datos de contacto para exercer os seus dereitos: Concello de Vilalba. Praza da Constitución, 1. 27800 Vilalba ( Lugo).

Vilalba, 6 de novembro de 2024.- A alcaldesa, Marta M<sup>a</sup> Rouco Seoane.

#### **INDICE DE ANEXOS**

- ANEXO I : SOLICITUDE
- ANEXO II: DECLARACIÓN RESPONSABLE
- ANEXO III: MODELO ACEPTACIÓN MODELO DE COMUNICACIÓN

<b>Modelo de Solicitud de Subvención</b>	<b>A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN</b>	
	N.º Expediente	N.º Rexistro
	2275/2023	-----
	Modelo	Fecha:

**ANEXO I SOLICITUDE**

<b>DATOS DEL SOLICITANTE</b>			
Nome e Apellidos / Razón Social			NIF
-----			-----
Dirección			
-----			
Código Postal	Municipio		Provincia
-----	-----		-----
Teléfono	Móbil	Fax	E-mail
-----	-----	-----	-----

<b>DATOS DO REPRESENTANTE (se procede)</b>			
Nome e Apellidos			NIF
-----			-----
Dirección			
-----			
Código Postal	Municipio		Provincia
-----	-----		-----
Teléfono	Móbil	Fax	E-mail
-----	-----	-----	-----

<b>DATOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Persoa a notificar:	Medio Preferente de Notificación
o Solicitante o Representante	ou Notificación postal ou Notificación electrónica

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO			
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)		DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE	
DESCRIPCIÓN DO OBXETO SOCIAL DA EMPRESA		CNAE	GRUPO EPIGRAFE IAE
TIPO DE ACTIVIDADE	N.º DE CONTRATACIÓNS POLOS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN	N.º DE INSCRIPCIÓN NA S.S	
Nº DE TRABALLADORES NA EMPRESA (1)			

Nº DE TRABALLADORES DA EMPRESA NO ÁMBITO TERRITORIAL DE GALICIA

DATOS BANCARIOS		
TITULAR DA CONTA BANCARIA	ENTIDADE	NÚMERO DE IBAN

### EXPÓN

**PRIMEIRO.** Que coñecidas as bases que regulan a subvención de incentivos a contratación dos alumnos/as do Obradoiro dual de Emprego Terra Chá No Camiño IV.

**SEGUNDO.** O solicitante declara:

- Que todos os datos que constan nesta solicitude, e ós documentos que o acompañan, son certas.
- Que cumpre e acepta a normativa xeneral vixente reguladora das subvencións que outorga o Concello e todos os requisitos esixidos nas bases e a convocatoria para solicitar e outorgar estas subvencións.
- Que está enterado/da que a carencia de xustificación documental das subvencións recibidas deste Concello non só comporta a anulación da subvención e a esixencia de responsabilidades ós perceptores, senón que como consecuencia non se tramitará esta solicitude nin de posteriores.
- Que no se atopa incurso nas prohibicións para obteren a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**TERCEIRO.** Acompañó xunto á solicitude da subvención os seguintes documentos:

- Fotocopia do DNI/CIF.
  - Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia da Escritura de constitución o modificación, copia da Acta fundacional e Estatutos, copia do DNI, etc.).
  - Declaración responsable de que o solicitante non concorre ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións.
- ANEXO II
- Certificado de estar ó corrente coa Facenda Estatal, Autonómica e local.
  - Certificado de estar ó corrente coa Seguridade Social.
  - [Toda a documentación esixida nas bases ou na convocatoria].

Polo exposto,

### SOLICITA

Que, de conformidade coas Bases publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* nº \_\_\_\_\_ de data , se conceda subvención para \_\_\_\_\_ por importe de \_\_\_\_\_ euros, e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Vilalba, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024.

O solicitante,

Asinado.:

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILALBA

*[1] De conformidade con la Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos ten como fin o exercicio por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas a comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Si o desexa, pode acceder ós datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita a esta Administración, Praza da Constitución, 1, 27800, Vilalba (Lugo).*

#### *Lexislación aplicable*

*Convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea a do alumnado Obradoiro dual de Emprego Terra Chá No Camiño IV.*

*Orde do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 ( DOGA nº 85, do 4 de maio de 2023)*

**Anexo II****DECLARACIÓN RESPONSABLE**

D./Dña

.....  
 con NIF..... na miña condición de representante da entidade .....  
 ..... con CIF .....

DECLARO baixo a miña responsabilidade e comprométome a manter o cumprimento das obrigacións durante o período inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención outorgada polo Concello de Vilalba, segundo o establecido no art. 69 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

Que todos os datos que figuran na solicitude, nos seus anexos e demais documentos con certos.

Que coñece e acepta as condicións das bases da convocatoria así como todos os requisitos esixidos na mesma coa obriga de entregar o Concello de Vilalba toda a documentación requirida nas presentes bases.

Que acepto o traballador/a que lle asigne o Concello de Vilalba, e entregar o informe detallado de causas obxectivas para o caso de non cumprir as esixencias durante o período de proba.

Que a subvención outorgada empregárase para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do programa.

Que non ten despedido de forma improcedente a ningún traballador nos 12 meses anteriores a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Que a entidade a que represento cumpre con todos os requisitos e obrigas da convocatoria e non se atopa incusa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003 i, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia.

Que a entidade que represento cumpre o disposto no Regulamento Xeral de Protección de datos 2016/679 de 27 de abril do 2016.

Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Vilalba.

Que a entidade a que represento atopase o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Estado e CCAA) Seguridade Social e Concello de Vilalba

Que a entidade que represento dispón dos medios técnicos necesarios para que o traballador/a contratado desempeñe as súas tarefas.

Que a entidade que represento non é debedor por procedemento de reintegro de axudas do Concello nin doutra administración pública.

Comunicar calquera modificación que afecte a solicitude inicial tramitada.

Que autorizo o Concello de Vilalba que realice os controis e verificacións necesarios para o correcto desenvolvemento da subvención outorgada

Non ter concedida nin solicitada ningunha outra axuda para o mesmo fin. No caso de ter solicitada ou concedido axudas para o mesmo fin cumprimentar o seguinte cadro

CONVOCATORIA	ORGANISMO	SITUACIÓN AXUDA	IMPORTE AXUDA	DA	ANO



15.- Declaro baixo a miña responsabilidade:

- NON** solicitou nin obtivo ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de mínimos (Regulamento1407/2013, Regulamento (UE) 1408/2013 do 18 de decembro e Regulamento (CE) Regulamento(CE)717/2014 de 27 de xuño de 2014) no exercicio fiscal en curso e nos dous exercicios anteriores ao da presente solicitude de pagamento
- SÍ** solicitou ou obtivo as seguintes axudas suxeitas ao réxime de mínimos nos tres últimos exercicios fiscais ( inclúese copia da resolución de aprobación da axuda):

ORGANISMO CONCEDENTE	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE	ANO

	IMPORTE
IMPORTE TOTAL das axudas de mínimos percibidas	

16.- Que a relación de traballadores contratados por esta empresa no mes anterior é a seguinte:

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A	D.N.I.	TIPO DE CONTRATO

17.- Que a relación de traballadores contratados por esta empresa nos 24 meses anteriores é a seguinte:

NOME E APELIDOS DO TRABALLADOR/A	D.N.I.	TIPO DE CONTRATO

E para que conste e surta os efectos oportunos, asino a presente en ....., a ..... de ..... de 2024.

SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE VILALBA

**Anexo III**

**ACEPTACIÓN /RENUNCIA DA SUBVENCIÓN**

D./Dña.....  
con NIF..... na miña condición de representante da entidade.....  
..... con CIF.....

ACEPTO Á SUBVENCIÓN SOLICITADA

RENUNCIO Á SUBVENCIÓN SOLICITADA

E para que conste e surta os efectos oportunos, firmo a presente en....., a ..... de ..... de 2024.

SRA ALCALDESA DO CONCELLO DE VILALBA

R. 3481

---

**VIVEIRO***Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o 6 de novembro de 2024, o expediente de modificación do orzamento 2024, na modalidade de suplemento de crédito, en cumprimento do disposto no artigo 38 do RD 500/1990 e por remisión o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposicións concordantes, expónse ó público na Secretaría deste Concello, por prazo de quince días hábiles que empezarán a contar dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin que durante o mesmo se podan formular reclamacións tal e como dispón o artigo 170 do mesmo texto normativo.

Viveiro, 7 de novembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3482

---

*Anuncio*

JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33.304.022-E, Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.

Visto o Acordo de aprobación da oferta de emprego público en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de data 23 de maio de 2022.

Visto o acordo do Consello de Administración, celebrada o día 14 de decembro de 2022 na que se aprobou por unanimidade a aprobación da proposta das bases xerais que regulan os procesos selectivos, así mesmo a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 22 de decembro de 2022 Núm.291, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas polo Consello de Administración da Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L.", en Viveiro a 14 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de persoal laboral fixo na Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L." (Centro Especial De Emprego De Galicia 47- Gz) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022-Taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do xoves, 22 de decembro de 2022, DOG Núm. 242, publícase o anuncio do extracto da convocatoria, bases xerais e bases específicas que regulan o proceso selectivo para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do sábado, 31 de decembro de 2023, Núm. 314, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopan cinco prazas de "AXENTE".

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso como persoal laboral fixo de Aparcamientos A Mariña S.L. (Centro Especial de Emprego de Galicia 47-GZ) e en virtude do Acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público ao abeiro da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de cinco prazas de "AXENTE" persoal laboral fixo.

Tendo en conta que en data 25 de outubro de 2024, o Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L., acorda nomear aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de cinco prazas de "AXENTE" persoal laboral fixo.

Vista a base xeral 9 que sinala "(...) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas**

realizando proposta de lista provisional das persoas admitidas e excluídas, que será aprobada pola Presidencia da empresa de Aparcamientos A Mariña SL. Esta proposta ditarase no prazo máximo de 10 días.

A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.

Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...”

Visto que segundo o disposto no punto 9.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es).

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 4 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 9 da base xeral.

Vista a Proposta do Tribunal en data 05 de novembro de 2024, relativa a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de cinco prazas de “AXENTE”.

**ACORDA :**

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS AO PROCESO SELECTIVO DE CINCO PRAZAS DE “AXENTE”:**

**A) ADMITIDOS/AS:**

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	DOMINGUEZ PARENTE MARÍA LUZ	EXENTA
2	LOPES TEIXEIRA PAULO JORGE	EXENTA
3	MARTÍNEZ LÓPEZ ALFONSO	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas).
4	PRIETO CALVO JOSE MANUEL	EXENTA
5	RODRÍGUEZ DOCAMPO ROBERTO MANUEL	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas).

**B) EXCLUÍDOS/AS:**

Nº	APELLIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
1	FERNÁNDEZ FRANCO CONSTANTINO	NON EXENTA (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión de ter recoñecido a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ) esixida (Base Xeral ptos. 6 c) base Específica 5 “(...) c) <b>Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente...</b> ” “(...) - Ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ)...” <b>(Pode ser obxecto de subsanación)</b>
2	GARCÍA FERNÁNDEZ ELOY	EXENTA	Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión de ter

			<p>recoñecido a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ) esixida (Base Xeral ptos. 6 c) base Específica 5 "(...) c) <b>Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente...</b>" "(...)</p> <p>- Ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ)..."</p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p>
3	MARIÑO CANDIA FRANCISCO MANUEL	<p><b>NON EXENTA</b> (Prazo de 10 días hábiles para subsanación segundo punto 4 f) bases xerais e punto 5.2 das bases específicas, deberá presentarse copia cotexada ou copia auténtica, que serán valorados no suposto de que se presente no prazo establecido a documentación necesaria para poder ser admitido, posto que figura nesta lista provisional como excluído.)</p>	<p>Non acredita, xunto coa documentación presentada estar en posesión de ter recoñecido a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ) esixida (Base Xeral ptos. 6 c) base Específica 5 "(...) c) <b>Copia cotexada ou copia auténtica da acreditación do grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo organismo competente...</b>" "(...)</p> <p>- Ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. (CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO DE GALICIA 47- GZ)..."</p> <p>(Pode ser obxecto de subsanación)</p>

A publicación desta lista de admitidos/as de carácter definitiva, abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indican. Esta lista con carácter de definitiva tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na web municipal e no taboleiro de anuncios físico do Concello.

**SEGUNDO.-** Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, segundo establece a base xeral 9.2, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista de admitidos/as con carácter de definitiva no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
GARCÍA FERNÁNDEZ ELOY	<b>Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra esta resolución non cabe interposición de recurso por tratarse de un acto de trámite non cualificado, cabendo interposición de recurso contra a lista definitiva de admitidos e excluídos.

Viveiro, a 06 de novembro de 2024, O Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal "APARCAMIENTOS A MARIÑA S.L.". Jesús Fernández Fernández.

### Anuncio

JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº 33.304.022-E, Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L.

Visto o Acordo de aprobación da oferta de emprego público en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, de data 23 de maio de 2022.

Visto o acordo do Consello de Administración, celebrada o día 14 de decembro de 2022 na que se aprobou por unanimidade a aprobación da proposta das bases xerais que regulan os procesos selectivos, así mesmo a publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Diario Oficial de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do xoves, 22 de decembro de 2022 Núm.291, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas polo Consello de Administración da Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L.", en Viveiro a 14 de decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de persoal laboral fixo na Sociedade Municipal "Aparcamientos A Mariña S.L." (Centro Especial De Emprego De Galicia 47- Gz) incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022-Taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do xoves, 22 de decembro de 2022, DOG Núm. 242, publícase o anuncio do extracto da convocatoria, bases xerais e bases específicas que regulan o proceso selectivo para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización da convocatoria excepcional prevista nas disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do sábado, 31 de decembro de 2023, Núm. 314, publícase convocatoria para proveer varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de "ENCARGADO".

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos excepcionais que se convocan para o ingreso como persoal laboral fixo de Aparcamientos A Mariña S.L. (Centro Especial de Emprego de Galicia 47-GZ) e en virtude do Acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público ao abeiro da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 e convocatoria excepcional prevista na disposición adicional sexta, sétima e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, cota xeral, sistema concurso, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de "ENCARGADO" persoal laboral fixo.

Tendo en conta que en data 25 de outubro de 2024, o Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal do Excmo. Concello de Viveiro, Aparcamientos A Mariña S.L., acorda nomear aos membros do Tribunal do proceso selectivo para a cobertura de cinco prazas de "ENCARGADO/A" persoal laboral fixo.

Vista a base xeral 9 que sinala "(...) **Lista provisional.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e nomeado e constituído o Tribunal, procederase por este á comprobación das instancias presentadas realizando proposta de lista provisional das persoas admitidas e excluídas, que será aprobada pola Presidencia da empresa de Aparcamientos A Mariña SL. Esta proposta ditarase no prazo máximo de 10 días.**

*A lista provisional de admitidos e excluídos publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no taboleiro de anuncios do Concello, na web municipal, e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Nesta lista figurarán os apelidos e nome dos aspirantes e si están admitidos ou excluídos e exentos ou non da realización da proba de coñecemento da lingua galega., así como no seu caso, os defectos a subsanar. No caso dos aspirantes excluídos especificarase o motivo de exclusión e si esta é subsanable...*"

Visto que segundo o disposto no punto 9.2 da base xeral, o prazo de subsanación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal (www.viveiro.es).

Tendo en conta os requisitos de presentación de solicitudes establecidos no punto 4 da base xeral, a documentación a presentar establecida no punto 6 da base xeral e a posibilidade de subsanación establecida no punto 9 da base xeral.

Vista a Proposta do Tribunal en data 05 de novembro de 2024, relativa a lista ao proceso selectivo de unha praza de "ENCARGADO", con carácter de lista definitiva de admitidos/as.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.- APROBAR A SEGUINTE LISTA AO PROCESO SELECTIVO DE UNHA PRAZA DE “ENCARGADO”, con carácter de lista definitiva de admitidos/as :**

**A) ADMITIDOS:**

Nº	APELLIDOS E NOME	Realización proba de galego
1	LÓPEZ ALVARIÑO GERARDO	EXENTA
2	LOPES TEIXEIRA PAULO JORGE	EXENTA

A publicación desta lista de admitidos/as de carácter definitiva, abrirá un prazo de (10) dez días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)), para que podan emendarse as deficiencias que en cada caso se indican. Esta lista con carácter de definitiva tamén se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na web municipal e no taboleiro de anuncios físico do Concello.

**SEGUNDO.-** Vista a documentación presentada polos aspirantes para a acreditación de méritos e detectado que nalgúns supostos a documentación non cumpre cos requisitos establecidos nas bases para poder ser tida en conta (copia cotexada ou auténtica), resultando posible a súa subsanación, segundo establece a base xeral 9.2, requírese ao seguinte aspirante para que subsane os méritos aportados mediante a copia auténtica ou cotexada, no prazo de dez días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación desta lista de admitidos/as con carácter de definitiva no taboleiro de anuncios dixital ao que se accede a través da páxina web municipal ([www.viveiro.es](http://www.viveiro.es)).

APELIDOS E NOME	SUBSANACIÓN
LÓPEZ ALVARIÑO GERARDO	<b>Prazo de 10 días hábiles para subsanación de méritos aportados copia cotexada ou auténtica.</b>

Advertese que a non subsanación dos méritos aportados sen cumprir cos requisitos previstos nas bases determinará que os mesmos non sexan obxecto de valoración.

Contra a resolución que aproba a presente lista de admitidos/as con carácter de definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia do Consello de Administración da Sociedade Municipal “APARCAMIENTOS A MARIÑA S.L.”, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da presente listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

Viveiro, 06 de novembro de 2024, O Presidente do Consello de Administración da Sociedade Municipal “APARCAMIENTOS A MARIÑA S.L.”. Jesús Fernández Fernández.

R. 3484

*Anuncio*

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2024, aprobouse provisionalmente a modificación da seguinte ordenanza:

– MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 37 REGULADORA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVICIOS NA PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE VIVEIRO.

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

---

Viveiro, 7 de novembro de 2024.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 3512

---

*Anuncio*

Conforme ao establecido no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2024, aprobouse provisionalmente a modificación da seguinte ordenanza:

– MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 6 de novembro de 2024.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 3513

---

*Anuncio*

Conforme ao establecido no artigo 17 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo do Pleno do Concello de Viveiro, en sesión ordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2024, aprobouse provisionalmente a modificación das seguintes ordenanzas:

- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 1 REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES
- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS INSTALACIÓNS E OBRAS
- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚM. 24 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS.

No taboleiro de anuncios do Excmo. Concello de Viveiro está exposto o acordo de aprobación provisional, quedando sometidos devanditos expedientes a información pública polo prazo de 30 días, contados desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non presentarse reclamacións entenderanse aprobadas definitivamente.

Viveiro, 7 de novembro de 2024.- A ALCALDESA, María Loureiro García.

R. 3514

---